

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de xullo de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e nove minutos do día vinte e catro de xullo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37426.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de xullo de 2026.

2.37427.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CAMPAMENTO A LANZADA 2027. TRÁMITE ANTICIPADO DE GASTO. (Expte. 2026047902)

ANTECEDENTES:

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cás competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



2º.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6 como uns dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán ao dispor das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

4º.- Finalmente, a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continúen sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios nos anos oitenta, de xeito que o que comezou sendo un programa vacacional para os nenos e nenas da Cidade Infantil Príncipe Felipe ampliouse a tódolos rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra, ofertando prazas de balde para aqueles que se atopen en risco de exclusión social e permitindo tamén a participación de todos os nenos e nenas de xeito inclusivo, superando cada ano as 4.000 solicitudes.

5º.- En base ao anterior, ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada” 2027, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacacións da Lanzada.

Este programa permite que, ata un máximo de 1.540 menores, empreguen o seu tempo libre no verán en participar en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo, científico e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e axuden a que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual, e ao mesmo tempo posibilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.



O proxecto lúdico educativo comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, medioambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Todas as actividades prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas, científicas e lingua inglesa. Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades. A Deputación, adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar que todos e todas participen en igualdade de condicións, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 49 de Constitución, artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

6º.- Para a prestación do servizo de xestión técnico educativa da edición 2027, tramitarse a segunda prórroga do contrato coa empresa Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B70072905), adxudicataria do servizo de xestión técnico educativa do campamento (Expte. 2024044335).

Así mesmo, a prestación de servizo de restauración, limpeza da cociña e comedor, atópase en trámite de licitación (Expte 2026033936).

7º.- Nesta convocatoria poderán participar ata un máximo de 1.540 nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacer entre os anos 2014 e 2019 (ámbolos dous incluídos).
- Estar empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra.
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa.
- Non foran penalizadas ou penalizados coa imposibilidade de participar nesta edición por algunha das causas establecidas na base 18ª dos Campamentos A Lanzada do ano 2026 (bases reguladoras publicadas no BOPPO núm. 36, do 23 de febreiro de 2026).

Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra, así como as nenas ou nenos en réxime de acollida.

No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou algunha patoloxía deberá facerse constar preceptivamente no “cuestionario de saúde e autonomía persoal”, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades.



8º.- A primeira quenda comezará o domingo posterior á data de fin do curso escolar 2026-2027. Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (de domingo a sábado). A realización da última quenda queda condicionada á data de comezo do curso escolar 2027-2028 que estableza a Xunta de Galicia. En caso de que coincida cos últimos días da derradeira quenda, poderase reducir a súa duración.

9º.- O número total de prazas ofertadas para este programa é dun máximo de 1.540 distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral.
- 210 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: serán de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social.

Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a Deputación de Pontevedra asumirá o 100%, do prezo da praza, para promover a inclusión social de nenos e nenas da provincia de Pontevedra en situación de risco e/ou exclusión social.

10º.- A Deputación subvenciona polo procedemento xeral (1.330 prazas), 230,00 € do custo por praza.

O importe do pagamento final que deberá efectuar a persoa interesada é o seguinte:

- 110 euros por praza.
- 80 euros por praza para menores de familias numerosas (desconto do 33,20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen o título de familia numerosa e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará este desconto).
- 80 euros por praza para menores de familia monoparentais (desconto do 33,20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen dita condición e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará o desconto).

Estes prezos inclúen:

- Aloxamento e manutención.
- Todas as actividades do campamento, incluídas as que se fagan en inglés.
- Seguros.
- Excursións.

Polo procedemento específico, prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social (210 prazas), a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a súa inclusión social.



11º.- Con data 25 de xuño de 2026, o deputado delegado dispón o inicio da tramitación do expediente, para a aprobación das bases reguladoras deste programa.

12º.- O orzamento do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico para gastos directos do programa “Campamentos A Lanzada” 2027, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente é o seguinte:

- 27/233.3370.227.20 - Restauración : 195.005,71 € (novo Expte)
- 27/233.3370.227.20 - Traballos realizados por outras empresas: 273.536,34 € (prórroga).

Ademais existirán outros gastos indirectos de mantemento das instalacións.

13º.- Con data 16 de xullo de 2026 Intervención emite informe favorable (CSV: 2DZHVZR3VP53ITPW) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, indicando que “(...) As aplicacións propostas nas Bases, 27/233.3370.221.05 e 27/233.3370.227.20, considéranse correctas, Non obstante, á aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2027 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en ditas aplicacións orzamentarias, por tratarse dunha tramitación anticipada. *O órgano competente para aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento (...).*”

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Bases de execución do Orzamento provincial.



En base ao exposto, e ao amparo da normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa “CAMPAMENTOS A LANZADA” para o ano 2027, polo trámite anticipado de gasto, cuxo teor literal é o seguinte:

“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2027.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, ten entre os seus fins promover a participación da mocidade da nosa provincia en actividades do ámbito da educación non formal, da inserción sociolaboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre, entre outras.

Unha fórmula idónea para conseguir este fin é ofrecerlle á xuventude actividades alternativas para o seu lecer e tempo libre coas que poida iniciar ou profundar o seu coñecemento en determinadas materias ao descubrir lugares da nosa provincia ou achegarse a unha contorna natural, todo iso vertebrado por valores de igualdade, solidariedade, cooperación, respecto mutuo e convivencia. Para cumprir os obxectivos descritos, o programa “Campamentos A Lanzada” revelouse desde a súa primeira edición nos anos oitenta como un instrumento útil na medida en que facilita a formación e o intercambio xuvenil e favorece a conciliación responsable en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Por iso, ponse en marcha unha nova edición do mencionado programa, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacacións A Lanzada, no concello do Grove.

O proxecto lúdico-educativo, do que poderán gozar ata un máximo de 1.540 menores, comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas e todos eles. As actividades serán dirixidas por un equipo técnico especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre, náuticas, científicas e lingua inglesa.

Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporese do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece, entre as competencias propias da Deputación, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.



Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que de acordo con este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan lograr obxectivos para proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e que posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como asegurar o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Ademais, no artigo 63 da devandita lei, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, que estas lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Por outra banda, no artigo 6 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñécese como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, no artigo 50 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establécese que as administracións públicas de Galicia poñerán á disposición das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

Con base no anterior, a Deputación acorda poñer en marcha o programa “Campamentos A Lanzada” 2027 consonte as seguintes,

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto:

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria do programa “Campamentos A Lanzada” 2027, que oferta 1.540 prazas para nenas e nenos da provincia, e establecer as condicións para participar nel.

Segunda. Persoas participantes:

2.1 *Nesta convocatoria poderán participar nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:*

- *Nacer entre os anos 2014 e 2019 (ambos os dous incluídos).*
- *Estar empadroadas ou empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.*



- *Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa.*
- *Non foran penalizadas ou penalizados coa imposibilidade de participar nesta edición por algunha das causas establecidas na base 18ª dos Campamentos A Lanzada do ano 2026 (bases reguladoras publicadas no BOPPO núm. 36, do 23 de febreiro de 2026).*

Estes requisitos serán condición esencial para participar no programa.

2.2 Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra, así como as nenas ou nenos en réxime de acollida.

2.3 En caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou patoloxía, deberá facerse constar este feito de xeito preceptivo no cuestionario de saúde e autonomía persoal, e detallaranse do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

De adxudicarse unha praza, será necesario que a nai, pai, titora, titor ou representante legal das ou dos menores con necesidades especiais se poña en contacto co Servizo de Inspección Médica desta Deputación Provincial a través do correo electrónico inspeccionmedica@depo.gal; será o persoal sanitario desta institución quen solicitará os informes médicos ou a documentación necesaria para valorar as súas necesidades específicas e validar ou non a viabilidade da súa participación.

Terceira. Alcance:

Mediante este programa ofértanse en 2027 un máximo de 1.540 prazas, distribuídas en once quendas de campamentos de sete días de duración que se desenvolverán entre os meses de xuño e setembro.

Este programa lúdico-educativo inclúe a realización de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, coa lingua inglesa, coa arte, coa cultura, co deporte, cos xogos, coa ciencia, coa linguaxe de signos, coa igualdade de xénero e co respecto polo medio, co fin de colaborar na formación da mocidade.

Cuarta. Organización das quendas:

A primeira quenda comezará o domingo posterior á data de fin do curso escolar 2026-2027.

Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (de domingo a sábado).

A realización da última quenda queda condicionada á data de comezo do curso escolar 2027-2028 que estableza a Xunta de Galicia. En caso de que coincida cos últimos días da derradeira quenda, poderase reducir a súa duración.



Quinta. Actividades e servizos ofertados:

As nenas e nenos participantes dispoñerán dos seguintes servizos en cada quenda:

- a) Un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Algunha destas actividades impartirase en lingua inglesa.*
Todas as actividades estarán dirixidas por un equipo técnico especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre, náuticas, científicas e en lingua inglesa. Así mesmo, no caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, dispoñerase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.
- b) Aloxamento en tendas de campaña e manutención en réxime de pensión completa.*
- c) Saídas educativas e de lecer.*
- d) Todo o material necesario para realizar as actividades.*
- e) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.*

Sexta. Procedementos de participación:

6.1 O número total de prazas ofertadas para este programa é de 1.540, distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas adxudicaranse polo procedemento xeral.*
- 210 prazas adxudicaranse polo procedemento específico: reservaranse para menores en situación ou risco de exclusión social.*

6.2 Participación polo procedemento xeral:

Deberase marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude.

6.2.1 Número de prazas: 1.330

6.2.2 Prezo:

- 110 euros por praza.*
- 80 euros por praza para menores de familia numerosa ou monoparental.*

Para que se lles aplique este desconto, as persoas solicitantes deberán indicar no recadro correspondente do formulario de solicitude que son familia numerosa, o que se consultará a través da plataforma de intermediación de datos, ou monoparental.

No caso de familias monoparentais, a persoa interesada deberá achegar obrigatoriamente, xunto coa solicitude, o certificado de familia monoparental en vigor expedido pola Xunta de Galicia.

Se non se achega a documentación anterior ou se esta non estivese en vigor, non se poderá aplicar o prezo reducido en caso de que a ou ao menor se lle conceda a praza.



6.2.3 Adxudicación das prazas:

Tanto neste procedemento coma no específico, a adxudicación das prazas realizarase por sorteo, a través de medios informáticos e do seguinte xeito:

Cubriranse as 140 prazas de cada unha das quendas (70 nenas e 70 nenos).

Confeccionarase unha lista de agarda.

Na sede electrónica e na páxina web da institución provincial publicarase o seguinte:

- *O anuncio do lugar, do día e máis da hora de realización do sorteo público, ao que poderá asistir calquera persoa que o desexe.*
- *O resultado do sorteo coa lista de menores con praza adxudicada para cada quenda e a lista de agarda das cen (100) primeiras persoas para cada quenda.*

Non está permitido cederlle a praza adxudicada a terceiras persoas.

6.2.4 Transparencia e supervisión do procedemento automatizado de asignación de prazas:

O proceso de asignación de prazas realizarase mediante unha ferramenta informática baseada en regras predeterminadas e obxectivas establecidas nestas bases reguladoras. O sistema aplicará automaticamente os criterios de prioridade, distribución e asignación previstos nelas, sen introducir valoracións discrecionais nin variables distintas das expresamente recollidas.

Co fin de garantir os principios de transparencia, obxectividade e non discriminación, a descrición das regras de funcionamento do procedemento de asignación figura nas presentes bases e estará á disposición das persoas interesadas.

As persoas solicitantes poderán obter información sobre os criterios aplicados á súa solicitude e sobre o resultado da asignación efectuada.

En todo caso, o procedemento estará sometido á supervisión do órgano competente, que poderá revisar as incidencias detectadas, verificar a correcta aplicación das regras establecidas e adoptar as resolucións que procedan.

A ferramenta informática empregada deberá garantir a trazabilidade das operacións realizadas e conservar os rexistros necesarios para permitir a comprobación posterior do proceso de asignación das prazas.



6.2.5 Criterios para a asignación das prazas:

1. *Daráselles prioridade ás nenas e nenos que non obtivesen praza na pasada edición.*
2. *Asignaranse, en cada quenda, 70 prazas para nenas e outras 70 para nenos. De non existir cota suficiente para cubrilas, farase a través de múltiplos de tres, por exemplo: 67/73, 64/76.*
3. *Co obxectivo de favorecer a conciliación familiar, cando a menor ou o menor obteña praza na edición actual, as e os irmáns incluídos na mesma solicitude tamén obterán praza na mesma quenda, aínda que xa asistisen na pasada edición.*
4. *Cota por concello: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do censo de 2026, de acordo coa repartición que se detalla no apartado final (anexo I) destas bases.*

6.3 Participación polo procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión:

Deberase marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude.

6.3.1 Número de prazas:

210 prazas, repartidas do seguinte xeito:

A) 175 prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra. As persoas destinatarias serán menores dos concellos da provincia usuarias dos servizos sociais do seu concello ou participantes nalgún dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As persoas que presenten a solicitude por este procedemento deberán marcar a opción "Procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión" e, dentro deste apartado, "Prazas reservadas a concellos".

Ademais de achegar a correspondente documentación, solicitaráselle ao persoal técnico dos servizos sociais do seu concello que emita o correspondente informe de valoración social, para o que deberá cubrir o modelo (anexo II).

Os servizos sociais comunitarios municipais da provincia entregarán, por medios electrónicos e nun prazo máximo de dez (10) días hábiles desde o fin do prazo para presentar solicitudes, a seguinte documentación a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude" (disponible en <https://sede.depo.gal>):

- a) Valoracións sociais solicitadas polas persoas interesadas (anexo II).*
- b) Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade (anexo III).*



B) 10 prazas para menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.

As persoas solicitantes desta modalidade deberán sinalar no formulario a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión” e, dentro deste apartado, “Menores en situación de tutela ou garda administrativa de centros de menores”; así mesmo, achegarán un certificado expedido pola dirección do centro que acredite que están en situación de internamento (anexo IV).

C) 25 prazas de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe, dependente da Deputación de Pontevedra.

As persoas solicitantes desta modalidade deberán indicar no formulario a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión” e, dentro deste apartado, “Menores do Centro Príncipe Felipe”; así mesmo, achegarán un certificado expedido pola dirección do centro que acredite que están en situación de internamento (anexo IV).

6.3.2 Prezo:

Co fin de asegurar a igualdade de oportunidades, a institución provincial asumirá o 100 % do prezo da praza para promover a inclusión social das e dos menores da provincia de Pontevedra.

6.3.3 Adxudicación das prazas:

A adxudicación das prazas de reserva para a inclusión, polo procedemento específico, realizarase do seguinte xeito:

- 1. Por adxudicación directa, en caso de que a demanda non superase o número de prazas dispoñibles (210). Se quedasen prazas vacantes, reasignaranse e adxudicaránse a través do procedemento xeral.*
- 2. Se o número de solicitudes superase o número de prazas dispoñibles, seguirase o procedemento que se mostra a continuación:*

2.1 As solicitudes de praza de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe, dependente da Deputación de Pontevedra, adxudicaránse de forma directa.

As prazas que quedasen sen adxudicar reasignaranse para darlles maior cobertura aos seguintes colectivos pola seguinte orde:

- En primeiro lugar, menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.*
- En segundo lugar, prazas de reserva dos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais, independentemente do concello de procedencia.*

En caso de empate prevalecerán os concellos cunha maior demanda de solicitudes, con prioridade para as nenas e nenos que non asistiron ao campamento na pasada edición.



2.2 As prazas de reserva para menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra adxudicaránse por sorteo, segundo o número de prazas establecidas no apartado 6.3.1.b. As que queden sen cubrir reasignaránse para darlles maior cobertura ás prazas reservadas aos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais e con independencia do concello de procedencia.

En caso de empate prevalecerán os concellos cunha maior demanda de solicitudes, con prioridade para as nenas e nenos que non asistiron ao campamento na pasada edición.

2.3 As prazas reservadas a menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra, atendendo ás cotas establecidas segundo a poboación, adxudicaránse de forma directa tendo en conta a relación nominal achegada polos servizos sociais comunitarios municipais (anexo III). As que queden sen cubrir reasignaránse para darlles maior cobertura ás prazas de reserva doutros concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais e con independencia do concello de procedencia.

En caso de empate prevalecerán os concellos cunha maior demanda de solicitudes, con prioridade para as nenas e nenos que non asistiron ao campamento na pasada edición.

Sétima. Modalidades de solicitudes:

7.1. As solicitudes de participación no programa poderán ser individuais ou múltiples:

- Solicitud individual:

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir en quendas diferentes deberase presentar unha solicitude para cada un deles; deste xeito, entrarán por separado no sorteo para adxudicar a praza e para xerar listas de agarda. Non se poderá garantir que, de conseguir praza, o fagan en quendas diferentes.

- Solicitud múltiple:

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir na mesma quenda deberase presentar unha única solicitude cos datos de todas e todos.

As e os menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar tamén se poderán incluír na solicitude múltiple e a súa situación equipararase coa das e dos irmáns.

Estas solicitudes múltiples teñen efecto durante o sorteo para adxudicar a praza. Non obstante, as e os menores poderán tratarse de xeito individual nas listas de agarda, sempre que a persoa solicitante (nai, pai, titora ou titor legal) así o indique expresamente no formulario de solicitude.



7.2. Especificacións da solicitude:

7.2.1. As solicitudes presentaranse preceptivamente a través do formulario indicado na base 8.1.

7.2.2. No formulario de solicitude, no apartado relativo ao cuestionario de saúde e autonomía persoal, deberá facerse constar obrigatoriamente e do xeito máis detallado e preciso a seguinte información:

- Calquera alerxia, intolerancia ou solicitude especial en relación coa alimentación.*
- Alerxias a medicamentos, enfermidades, tratamentos, coidados especiais, discapacidade, etc. De adxudicárselles unha praza seguirase o disposto na base 2.3.*

O incumprimento da obriga de informar sobre os requisitos especiais de alimentación ou a omisión de datos médicos supoñerá a exención de responsabilidade da Deputación de Pontevedra e das empresas encargadas da organización do campamento dos danos que poidan derivar.

Oitava. Presentación de solicitudes e modalidades:

8.1 As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado "613350 Solicitude de participación no programa 'Campamentos A Lanzada'", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

8.2 Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Unha vez cuberto, xerarase unha solicitude en formato PDF, que deberá imprimirse e asinarse para presentarse de forma física.

Novena. Comprobación de datos:

9.1 Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas menores solicitantes.*
- NIF da nai, pai, titora ou titor das persoas menores solicitantes.*
- Certificado de residencia das persoas menores solicitantes.*



Ademais, no seu caso, os seguintes:

- *Título de familia numerosa emitido pola Xunta de Galicia.*
- *Consulta de datos de residencia legal, no caso de persoas estranxeiras.*

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio, marcando a opción cun "x", e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

9.2 A facultade de oposición ás consultas, en caso de persoas menores de idade, deberá formalizala a proxenitora, proxenitor, titora, titor ou representante legal.

Décima. Documentación:

10.1 As persoas interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación, segundo corresponda:

■ *Solicitudes polo procedemento xeral (base 6.2):*

- 1. Libro de familia ou certificado electrónico do Rexistro civil correspondente, (certificado de nacemento), só no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou tivesen caducado. Pode descargarse no enlace:
<https://sede.mjusticia.gob.es/tramites/certificado-nacimiento>
A copia do libro de familia deberá de ser íntegra e incluírá os datos das persoas proxenitoras e das e dos menores.*
- 2. No seu caso, acreditación en vigor da condición de familia monoparental (deberá achegarse a certificación emitida pola Xunta de Galicia; non é válida a sentenza de divorcio e/ou o convenio regulador).*
- 3. Cando proceda, acreditación de que o menor se atopa en réxime de acollida.*

■

Solicitudes polo procedemento específico (base 6.3):

- *Prazas reservadas a concellos (175 prazas, base 6.3.1):*
 - 1. Libro de familia ou certificado electrónico do Rexistro civil correspondente, só no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou o tivesen caducado.*
 - 2. Valoración social (anexo II).*
 - 3. Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade (anexo III).*



- *Prazas reservadas asignadas a menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia (10 prazas, base 6.3.1):*
 1. *Libro de familia ou certificado electrónico do Rexistro civil correspondente, só no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou o tivesen caducado.*
 2. *Certificado expedido pola dirección do centro que acredite que as ou os menores solicitantes están en situación de internamento (anexo IV).*
- *Prazas reservadas asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe (25 prazas, base 6.3.1):*
 1. *Libro de familia ou certificado electrónico do Rexistro civil correspondente, só no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou o tivesen caducado.*
 2. *Certificado expedido pola dirección do centro que acredite que as ou os menores solicitantes están en situación de internamento (anexo IV).*

10.2 Documentación que se lle debe remitir ao Servizo de Inspección Médica da Deputación de Pontevedra (inspeccionmedica@depo.gal) no caso de que a ou o/a menor que resulte beneficiario/a de praza padeza algunha patoloxía ou precise tratamento farmacolóxico ou terapia específica:

- *Informe de saúde da ou do especialista que proceda no que se indique a patoloxía, o tratamento farmacolóxico ou a terapia que precise e no que se faga constar expresamente que a súa condición médica lle permite asistir ao campamento.*

De detectarse ou diagnosticarse enfermidades, tratamentos, alerxias ou intolerancias alimentarias entre a data de presentación das solicitudes e a data de incorporación ao campamento, as nais, pais, titoras, titores ou representantes legais das persoas menores deben comunicalo ao Servizo de Inspección Médica a través do correo electrónico inspeccionmedica@depo.gal, cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles antes do comezo da quenda que lles corresponda, salvo excepcións debidamente xustificadas. Será o persoal sanitario o que no seu caso solicite o correspondente informe de saúde.

10.3 As e os menores que obteñan praza deberán, cando se incorporen á quenda que lles corresponda, levar a tarxeta sanitaria orixinal ou o documento equivalente do seguro médico privado.

Décimo primeira. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 22 de marzo de 2027.



Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas:

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se realiza o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Relación de persoas admitidas no sorteo:

13.1 De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web (www.depo.gal) e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo, xunto coas causas de exclusión destas últimas.

Logo de publicada a lista provisional na Sede electrónica, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude, achegar a documentación requirida que falte, comunicar defectos que se detecten nos datos mecanizados ou denunciar que unha solicitude non foi publicada.

13.2 A Deputación enviará unha mensaxe SMS de cortesía ao teléfono móbil sinalado para estes efectos no apartado correspondente da solicitude cun código de acceso á ligazón habilitada para consultar e revisar os datos.

13.3 Unha vez finalizado o prazo de emenda, publicarase na páxina web e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo e a súa data de realización.



Décimo cuarta. Pagamento:

Despois de realizarse o sorteo de adxudicación das prazas, publicaranse na páxina web (www.depo.gal) e na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>) os documentos de pago, a forma, o prazo e os lugares para realizalo.

Os documentos de pago serán emitidos de xeito individualizado por cada menor con praza, tamén no caso de irmás ou irmáns.

A persoa responsable da ou do menor recibirá unha mensaxe SMS de cortesía ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude coas claves para acceder e descargar os mencionados documentos.

Se non se reciben as claves no móbil, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a solicitalas e a pagar dentro do prazo publicado na páxina web.

De non efectuarse o pago dentro do prazo establecido no citado documento, perderase a praza adxudicada, e que será cuberta cunha ou cun menor da lista de agarda, segundo corresponda.

Décimo quinta. Lista de agarda:

15.1 A lista de agarda que se publique conterá un máximo de 100 menores por quenda. Nesta non se terá en conta a cota correspondente a cada concello.

As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo adxudicaránselles ás e aos menores da lista de agarda, tendo en conta que a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena e a dun neno con outro neno, para manter sempre a paridade de xénero.

En caso de solicitudes múltiples, as irmás e os irmáns poderán ser tratados de xeito individual nas listas de agarda, sempre que a persoa solicitante (nai, pai, titora ou titor legal) así o indique expresamente no formulario de solicitude.

A medida que se produzan as vacantes, as persoas solicitantes incluídas na lista de agarda recibirán unha mensaxe SMS ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude, onde se incluírá unha clave de acceso para poder descargar o documento de pago no que constará expresamente o prazo para efectualo.

15.2 Iniciado o campamento, a medida que se produzan as vacantes, o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico procederá a contactar telefonicamente coas persoas responsables das e dos menores incluídos na lista de agarda, co fin de lles ofertar as vacantes que lle correspondan en cada unha das quendas.



De non estar interesadas ou interesados en cubrir a praza vacante, procederase a chamar á seguinte persoa da lista, e así sucesivamente, salvo que, por falta de tempo, debido a renuncias tardías ou non comunicadas, resulte inviable a súa cobertura.

En caso de non conseguir contactar nos teléfonos indicados na solicitude, efectuarase un segundo intento transcorridos trinta (30) minutos da primeira chamada, e de non obter resposta pasarase á seguinte persoa da lista de agarda.

De mostrar o seu interese na cobertura da vacante, as persoas responsables recibirán unha mensaxe SMS ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude, onde se incluírá unha clave de acceso para poder descargar o documento de pagamento, no que constará o prazo para efectualo.

Décimo sexta. Devolución da cota:

16.1 Para ter dereito á devolución da cota aboada pola praza adxudicada a persoa interesada deberá presentar por escrito a renuncia á praza e solicitar a devolución (anexo V).

As solicitudes presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, á que se acompañará o anexo V, o certificado de titularidade da conta bancaria e a documentación xustificativa precisa.

Non se admitirán as solicitudes de devolución da cota que non se presenten na forma indicada nestas bases.

16.2 Supostos de devolución. Só procederá a devolución do importe aboado nos supostos que se indican a continuación, sempre e cando resulten xustificadas documentalmente:

1. Que a ou o menor non puidese asistir á actividade por algún dos seguintes motivos, debidamente xustificadas:

- Enfermidade, accidente grave ou outros motivos. Neste caso deberase achegar o correspondente informe médico ou outra xustificación documental do motivo que lle impida asistir ao campamento.*
- Enfermidade, accidente grave ou falecemento dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade da ou do menor participante. Deberase achegar o correspondente informe médico, certificado de defunción ou outra documentación que xustifique a imposibilidade de asistir.*
- Admisión noutra actividade nas mesmas datas. Neste caso deberase achegar o xustificante de pago da outra actividade.*



- *Calquera outra circunstancia non reflectida nos apartados anteriores que supoña un motivo xustificado. A circunstancia alegada admitirase ou non a criterio do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, logo do exame da documentación achegada.*

Cando concorra algunha destas circunstancias, a persoa solicitante deberaa comunicar ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico o máis axiña posible, por correo electrónico (xuventudereto@depo.gal), co fin de que a Deputación poida realizar as xestións necesarias para adxudicarlle esa praza á seguinte persoa da lista de agarda, sen prexuízo da obriga de formular a renuncia segundo o recollido no punto anterior.

Tan só procederá a devolución da cota cando a comunicación da renuncia teña lugar cunha antelación mínima de cinco (5) días naturais ao comezo da quenda correspondente, salvo que por circunstancias imprevistas e sobrevidas non puidesen comunicalo coa antelación establecida, circunstancia que será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

2. Que non se preste o servizo por causas non imputables á persoa interesada ou se anule a actividade por parte da institución:

Neste suposto, a presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar no prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día en que a Deputación comunique as causas da non prestación do servizo.

Décimo sétima. Obrigas das persoas participantes e dos responsables legais destas:

As e os menores participantes nos campamentos e as súas persoas responsables estarán obrigadas a:

1. Cumprir os horarios de incorporación e saída do campamento.

1.1. O horario de entrada será, inicialmente, das 16 ás 18 horas do día de comezo de cada quenda (domingo de inicio), se ben o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico poderá establecer un horario de entrada gradual para evitar aglomeracións ou outro tipo de incidencias na recepción das e dos menores, así como calquera outro sistema que permita axilizar, con todas as garantías, a entrada. Tales medidas, en caso de adoptarse, serán publicadas na web da Deputación a semana previa ao comezo de cada quenda.

Non se admitirá a entrada de menores participantes fóra destas franxas horarias, agás por razóns debidamente xustificadas, acreditada previamente e valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.



A saída do campamento producirase ás 10:00 horas do sábado seguinte en cada quenda, se ben o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico poderá establecer un horario de saída gradual para evitar aglomeracións ou outro tipo de incidencias na partida das e dos menores, así como calquera outro sistema que permita axilizar con todas as garantías a saída.

Tales medidas, en caso de adoptarse, serán publicadas na web da Deputación a semana previa ao comezo de cada quenda.

1.2. No suposto de que as ou os menores non sexan recollidos no horario de saída, activarase o protocolo aprobado pola Resolución presidencial 2025008859, de 4 de novembro de 2025, que inclúe, entre outras medidas, a custodia da ou do menor nas propias instalacións do centro vacacional ata a chegada das persoas responsables deste ou o aviso ás autoridades competentes. O mencionado protocolo publicárase na páxina web da Deputación de Pontevedra e na súa sede electrónica.

Os custos derivados da activación do protocolo serán asumidos polas persoas responsables das ou dos menores.

2. Comunicar, cun mínimo de cinco (5) días naturais de antelación ao comezo da correspondente quenda, a persoa autorizada para a entrega e recollida da ou do menor participante no campamento cando sexa distinta á que figura na solicitude, salvo naqueles casos en que concorra forza maior debidamente acreditada. Para tal efecto deberán remitir ao correo electrónico xuventudereto@depo.gal a correspondente autorización debidamente asinada xunto coa documentación que nesta se indica.

Naqueles casos, en que a garda e custodia da ou do menor participante veña regulada por unha resolución xudicial (por exemplo, unha orde de afastamento), deberá entregárselle á directora ou director do campamento no momento da recepción unha copia desta co réxime de visitas e con indicacións daquelas persoas que non poden recoller a ou ao menor.

3. Respetar as normas establecidas polos equipos de animación e as de réxime interno das instalacións, ademais das relativas ao cumprimento de medidas de hixiene e prevención establecidas na lexislación vixente na materia. Poderán ser expulsadas do campamento as persoas que non respecten estas normas e aquelas que teñan un comportamento que dificulte ou impida a convivencia. Será responsabilidade das persoas responsables das ou dos menores (proxenitoras ou titoras legais) o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como facerse cargo dos gastos que se puidesen ocasionar.



4. Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia da nai, pai, titora ou titor, e será responsabilidade destas persoas o traslado de regreso ao seu domicilio, así como os gastos que este ocasione.

Décimo oitava. Réxime de penalizacións:

Serán penalizados coa imposibilidade de poder participar na seguinte edición dos “Campamentos A Lanzada” que teña lugar:

- *As e os menores, cuxas persoas responsables non comunicasen a súa renuncia á praza cunha antelación mínima de cinco (5) días naturais ao comezo da quenda correspondente, calquera que sexa o procedemento polo que participen, salvo que por circunstancias imprevistas e sobrevidas non puidesen comunicalo coa antelación establecida, circunstancia que será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.*
- *As e os menores que motivaron a activación do protocolo sinalado na base anterior.*
- *As e os menores que fosen expulsados do campamento.*

Décimo novena. Protocolo ante medidas de protección:

Co obxectivo de garantir a protección integral das e dos menores participantes neste campamento que se atopen baixo unha orde de protección ou afastamento vixente, habilitarase no formulario de inscrición unha opción específica para que as e os representantes legais poidan solicitar a pseudonimización dos seus datos identificativos.

A situación de protección deberá acreditarse mediante unha resolución xudicial que certifique a vixencia da medida. A identidade real da ou do menor protexerase durante todo o procedemento, e só a coñecerá a dirección do campamento e o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, exclusivamente para fins internos de xestión.

Para garantir a seguridade da ou do menor e evitar a súa localización, os nomes reais non aparecerán en listaxes públicas de persoas admitidas ou listas de agarda nin en calquera outro documento que sexa obxecto de publicación. No seu lugar, empregarase un pseudónimo ou código identificador asignado de maneira confidencial.

Así mesmo, adoptaranse medidas específicas para a entrada e saída do campamento, que incluírán a identificación obrigatoria da persoa autorizada para a recollida; estará prohibida expresamente a entrega a calquera persoa afectada por unha orde de afastamento ou con medidas xudiciais que limiten o contacto.



Vixésima. Protección de datos:

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

De acordo coas garantías e cos límites da normativa de protección de datos de carácter persoal, publicaranse as listas indicadas na cláusula décimo cuarta, na que figurarán datos identificadores desagregados de todo tipo de circunstancias persoais.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo primeira. Autorización para a difusión de imaxes:

A Deputación de Pontevedra, en calidade de responsable das actividades nas que participan menores de idade, garantirá a protección do interese superior destes e os seus dereitos fundamentais, especialmente o dereito á protección de datos persoais, na publicación ou difusión deles a través de servizos da sociedade da información.

Co fin de lograr a difusión efectiva deste programa para as vindeiras convocatorias e de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade, poderanse recoller experiencias e fotografías das instalacións e das persoas participantes, que poderán empregarse para noticias contidas en xornais ou en publicacións e divulgadas tanto nos portais web da Deputación de Pontevedra coma nas súas redes sociais.



Cando esta publicación ou difusión se fixese a través de servizos de redes sociais ou servizos equivalentes deberán contar co consentimento da ou do menor ou das e dos seus representantes legais, segundo o recollido no artigo 7 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No formulario de solicitude as e os representantes legais (nais, pais, titoras ou titores) das e dos menores de 13 anos solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes das actividades que se realicen nos mencionados campamentos, a publicación destas imaxes para promover e difundir o propio programa de campamentos e a utilización do teléfono móbil e do correo electrónico como forma de contacto, aviso e comunicación por parte da institución provincial.

En caso de que as persoas solicitantes representantes legais das beneficiarias marquen expresamente a opción de que non autorizan a captación, reprodución ou publicación de fotografías, a Deputación, de forma coordinada coa empresa que xestione a actividade dos campamentos, tomará as medidas pertinentes para velar pola protección da imaxe destas nenas e nenos.

De igual xeito se procederá no caso de menores que se atopen nalgún dos supostos recollidos na base décimo novena.

Non se realizarán fotografías susceptibles de danar a sensibilidade de menores ou atentar contra a dignidade das persoas.

Vixésimo segunda. Orzamento:

O orzamento consignado no Servizo de Xuventude e Reto Demográfico para gastos directos do programa "Campamentos A Lanzada" 2027 é o seguinte:

- a) 27/233.3370.221.05 Restauración: 195.005,71 €*
- b) 27/233.3370.227.20 Traballos realizados por outras empresas: 273.536,34 €*

Vixésimo terceira. Interpretación das bases:

A resolución de todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases é competencia do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.



Anexo I. Distribución de prazas asignadas a cada concello para o ano 2027 en función da poboación (INE 2026). Censo provisional suxeito aos datos do INE (xaneiro 2027)

<i>Concello</i>	<i>Poboación (INE 2025)</i>	<i>Total de prazas</i>	<i>Prazas por procedemento específico</i>	<i>Prazas por procedemento xeral</i>
<i>Agolada</i>	<i>2.225</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Arbo</i>	<i>2.603</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Baiona</i>	<i>12.361</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Barro</i>	<i>3.674</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Bueu</i>	<i>11.836</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Caldas de Reis</i>	<i>9.615</i>	<i>17</i>	<i>3</i>	<i>14</i>
<i>Cambados</i>	<i>13.787</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Campo Lameiro, O</i>	<i>1.667</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Cangas de Morrazo</i>	<i>26.711</i>	<i>45</i>	<i>3</i>	<i>42</i>
<i>Caniza, A</i>	<i>4.990</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Catoira</i>	<i>3.274</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Cerdedo Cotobade</i>	<i>5671</i>	<i>17</i>	<i>3</i>	<i>14</i>
<i>Covelo</i>	<i>2.472</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Crecente</i>	<i>1.921</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Cuntis</i>	<i>4.469</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Dozón</i>	<i>961</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Estrada, A</i>	<i>20.112</i>	<i>45</i>	<i>3</i>	<i>42</i>
<i>Forcarei</i>	<i>3.067</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Fornelos de Montes</i>	<i>1.614</i>	<i>7</i>	<i>2</i>	<i>5</i>
<i>Gondomar</i>	<i>15.066</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Grove, O</i>	<i>10.833</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Guarda, A</i>	<i>9.970</i>	<i>17</i>	<i>3</i>	<i>14</i>
<i>Illa de Arousa, A</i>	<i>4809</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Lalín</i>	<i>20.292</i>	<i>45</i>	<i>3</i>	<i>42</i>



Lama, A	2.437	7	2	5
Marín	23.991	45	3	42
Meaño	5.237	17	3	14
Meis	4.668	15	3	12
Moaña	19.320	20	3	17
Mondariz	4.456	15	3	12
Mondariz Balneario	742	7	2	5
Moraña	4.131	15	3	12
Mos	15.233	20	3	17
Neves, As	3.657	15	3	12
Nigrán	18.174	20	3	17
Oia	3.062	15	3	12
Pazos de Borbén	3.046	15	3	12
Poio	17.434	20	3	17
Ponte Caldelas	5.609	17	3	14
Ponteareas	23.211	45	3	42
Pontecesures	3.076	15	3	12
Pontevedra	83.316	134	4	130
Porriño, O	20.965	45	3	42
Portas	2.748	7	2	5
Redondela	28.874	45	3	42
Ribadumia	5.166	17	3	14
Rodeiro	2.232	7	2	5
Rosal, O	6.548	17	3	14
Salceda de Caselas	9.409	17	3	14
Salvaterra de Miño	10.617	20	3	17
Sanxenxo	18.016	20	3	17
Silleda	8.917	17	3	14



<i>Soutomaior</i>	<i>7.589</i>	<i>17</i>	<i>3</i>	<i>14</i>
<i>Tomíño</i>	<i>13.738</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Tuí</i>	<i>17.468</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>
<i>Valga</i>	<i>5.779</i>	<i>17</i>	<i>3</i>	<i>14</i>
<i>Vigo</i>	<i>294.489</i>	<i>205</i>	<i>4</i>	<i>201</i>
<i>Vila de Cruces</i>	<i>4.967</i>	<i>15</i>	<i>3</i>	<i>12</i>
<i>Vilaboa</i>	<i>5.856</i>	<i>17</i>	<i>3</i>	<i>14</i>
<i>Vilagarcía de Arousa</i>	<i>37.888</i>	<i>80</i>	<i>4</i>	<i>76</i>
<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>10.159</i>	<i>20</i>	<i>3</i>	<i>17</i>

<i>Parámetros de repartición de prazas por concello para 2027</i>			
<i>Poboación superior ou igual a (nº de habitantes)</i>	<i>Poboación inferior ou igual a (nº de habitantes)</i>	<i>Prazas polo procedemento xeral</i>	<i>Prazas polo procedemento específico (inclusión social)</i>
<i>1</i>	<i>3.000</i>	<i>5</i>	<i>2</i>
<i>3.001</i>	<i>5.000</i>	<i>12</i>	<i>3</i>
<i>5.001</i>	<i>10.000</i>	<i>14</i>	<i>3</i>
<i>10.001</i>	<i>20.000</i>	<i>17</i>	<i>3</i>
<i>20.001</i>	<i>35.000</i>	<i>42</i>	<i>3</i>
<i>35.001</i>	<i>80.000</i>	<i>76</i>	<i>4</i>
<i>80.001</i>	<i>200.000</i>	<i>130</i>	<i>4</i>
<i>200.001</i>		<i>201</i>	<i>4</i>

Respecto ao Anexo 1 da bases reguladoras propostas, os datos do censo correspóndense aos publicados polo INE a 1 de xaneiro de 2026, e deberán de ser actualizados cos datos do INE xaneiro 2027, con carácter previo á súa publicación.”



3.37428.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2026. (Expte.2025077919)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 16 de xaneiro de 2026, aprobou, mediante o acordo nº 2.35964, a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026 (expediente nº 2025077919), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) nº 13, do 21 de xaneiro de 2026.

Segundo.- De conformidade co establecido nas bases reguladoras, a finalidade da convocatoria é apoiar *economicamente* ás entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellorar, ampliar ou garantir a continuidade dos servizos sociais que prestan de forma habitual, facilitando o transporte das persoas usuarias e de bens destinados á atención de persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Terceiro.- As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, persoas maiores e/ou discapacidade. No caso de que a información que conste neste rexistro non estea actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a documentación ou información necesaria para a súa acreditación.
- Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e cun local fixo no que desenvolva as súas actividades.
- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, de acordo cos seus estatutos.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Deputación Provincial de Pontevedra.



- Non incorrer en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións públicas.

Cuarto.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, fixado en trinta (30) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), rexistrouse un total de corenta (40) solicitudes.

Quinto.- De conformidade coa base décimo segunda da convocatoria, a concesión das subvencións tramítase mediante o procedemento de concorrencia competitiva. A instrución do procedemento corresponde á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións considerou necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos e da documentación achegada, así como para a avaliación das solicitudes conforme aos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras.

Sexto.- Con data 22 de xuño de 2026, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 117) o anuncio da proposta de resolución provisional da citada convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tal e como se recolle na proposta de resolución provisional, unha vez constatado que o número de solicitudes que cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras supera a dispoñibilidade orzamentaria inicialmente prevista e co obxecto de atender o maior número posible de entidades beneficiarias, considerouse necesario incrementar o crédito consignado para esta finalidade.

Para tal efecto, ao crédito inicial de 500.000,00 euros engadiuse un suplemento de crédito por importe de 180.000,00 euros, mediante a correspondente modificación orzamentaria, co fin de atender a totalidade das solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria. En consecuencia, o crédito definitivo destinado a esta convocatoria ascende a 680.000,00 euros.

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2026, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2026. A súa aprobación definitiva foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 127), do 7 de xullo de 2026.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**Normativa examinada:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento, aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.

Consideracións xurídicas e técnicas:

Primeiro.- Unha vez avaliado o informe-proposta emitido polo órgano instructor e fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración, na sesión celebrada o 18 de xuño de 2026, emitiu a correspondente acta (CSV: WN957I5BXMHKQ15P), na que formula proposta de concesión ou desestimación das solicitudes presentadas, de conformidade coa valoración efectuada e segundo o seguinte detalle:

" (...)

- *7 solicitudes resultaron excluídas por non cumprir o establecido nas bases reguladoras, segundo o seguinte detalle:*

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2026004622	F75415836	A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
2	2026008058	F75382291	MONTES DE COUSO, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (Non estar inscrita no RUEPSS)
3	2026011192	G56202187	FUNDACIÓN OFIR VIDA. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
4	2026015457	G13913488	FUNDACIÓN NOVOBASKET. (Non estar inscrita no RUEPSS)



5	2026014920	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
6	2026017040	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
7	2026009386	G94000379	ASOCIACIÓN ASISTENCIAL SOS TOMIÑO-BAIXO MIÑO. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)

Segundo.- Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulou proposta de resolución provisional (CSV: WN95715BXMHKQ15P e XLTPB85Q5UQY208D) das entidades beneficiarias, e das excluídas da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.

Terceiro.- Con data 22 de xuño de 2026, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 117) o anuncio da proposta de resolución provisional da citada convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- Rematado o prazo outorgado de dez (10) días naturais para formular alegacións á resolución provisional, o resultado é o seguinte:

Cuarto. un.- Dúas (2) entidades excluídas presentan alegacións:

- A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con NIF F75415836 (expediente 2026004622), presenta escrito de alegacións.
- FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, con NIF G36899375 (expediente 2026017040), presenta escrito de alegacións.

Quinto.- Unha vez desestimadas as alegacións, por non cumprir os requisitos das bases, fórmulase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 33 expedientes propostos, que figuran como anexo a este informe (RELAC/2026000043), e que supoñen o reparto de 653.109,72€. Na aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para facer fronte a este gasto (Doc. A nº 12026000015881 – 500.000,00€) (Doc. A nº 12026000148251 – 180.000,00 €).



Sexto.-Con data 14 de xullo, o órgano instructor emite solicitude de fiscalización (CSV: IFLAP2FMZOIUPH2S) da modificación da base terceira da convocatoria, da desestimación das alegacións presentadas á proposta provisional e da proposta definitiva de concesión de subvencións, con indicación das entidades beneficiarias, importes de concesión, entidades excluídas e motivos de exclusión.

Sétimo.- Con data 14 de xullo de 2026, Intervención emite informe favorable (csv: VAOM0IFK3571VRHO) sobre a tramitación do expediente, deixando constancia da existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para facer fronte a este gasto (Doc. A nº 12026000015881 –500.000,00€) (Doc. A nº 12026000148251 – 180.000,00 €).), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo a base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.

Así mesmo, con data 14 de xullo de 2026, Intervención no mesmo informe informa favorablemente (csv: VAOM0IFK3571VRHO) sobre a proposta de modificación da base 3ª da convocatoria. “Financiamento, contías e límites”.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base terceira da convocatoria. “Financiamento, contías e límites”, nos seguintes termos:

Onde di:

“A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a cincocentos mil euros (500.000,00€), que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.”

Debe dicir:

“A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a seiscentos oitenta mil euros (680.000,00 €), que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.”



Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas por:

- A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con NIF F75415836
- FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, con NIF G36899375

Terceiro.- Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a 33 entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, que se detallan a continuación, por un importe total de 653.109,72€. euros con cargo á aplicación 26/231.231.789.01 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (ARC nº12026000015881 e ARC nº 12026000148251):

ANEXO I. RELACIÓN DEFINITIVA DE ENTIDADES ADMITIDAS

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE	PUNTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE CONCESIÓN
1	2026004821	G36153757	ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES, AMENCER - ASPACE	100,00	71.184,27 €	25.000,00 €	25.000,00 €
2	2026006251	G36021970	ASOCIACIÓN DE APOYO PERSONAS CON DIVERSIDAD INTELECTUAL, ACEESCA	98,66	47.813,62 €	25.000,00 €	25.000,00 €
3	2026008777	G36873511	ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO, ALENT0	98,32	33.176,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
4	2026006027	G15859911	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	97,00	37.994,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
5	2026006641	G36630572	CENTRO JUAN MARÍA, ASOCIACIÓN ESPERANZA VALLE MIÑOR	97,00	35.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
6	2026008831	G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, AECC	97,00	22.184,39 €	17.747,51 €	17.747,51 €
7	2026012944	G36624120	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL, APAMP	97,00	66.500,10 €	25.000,00 €	25.000,00 €
8	2026014776	Q2866001G	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	97,00	21.969,52 €	17.575,62 €	17.575,62 €
9	2026014911	G36452837	ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, VONTADE	97,00	56.100,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
10	2026005788	G36870558	ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE VIGO, ASPAVI	95,32	30.449,99 €	24.359,99 €	24.359,99 €



11	2026013625	G36776920	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	95,32	6.812,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
12	2026014818	R3600336F	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	95,32	48.256,99 €	25.000,00 €	25.000,00 €
13	2026014915	R3600131A	CASA SANTA MARÍA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	95,32	32.908,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €
14	2026015475	G36116879	ASOCIACIÓN CULTURAL O CASTRO DE BAIÓN DE VILANOVA DE AROUSA	95,31	32.853,29 €	25.000,00 €	25.000,00 €
15	2026014343	G36685964	FUNDACIÓN MENELA	95,31	33.499,98 €	25.000,00 €	25.000,00 €
16	2026014821	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRAL PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	95,00	24.500,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
17	2026008043	G36012128	ASOCIACIÓN JUAN XXIII	93,64	23.726,64 €	18.981,31 €	18.981,31 €
18	2026010231	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, COGAMI	93,64	69.764,89 €	7.618,56 €	7.618,56 €
19	2026003662	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	93,63	40.535,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
20	2026008054	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ASPANAEX	93,63	34.597,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
21	2026008717	G36453728	ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E DA PARADANTA, ADAPTA	93,63	48.091,97 €	25.000,00 €	25.000,00 €
22	2026008344	G36626174	FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO, HOGAR SAN JOSÉ	93,32	24.400,00 €	19.520,00 €	19.520,00 €
23	2026005416	G36018802	ASOCIACIÓN SAN XEROME EMILIANI	93,31	21.990,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
24	2026009815	G15747678	ASOCIACIÓN AMICOS	92,00	24.134,42 €	19.307,53 €	19.307,53 €
25	2026014766	G36461697	FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OTRAS DEMENCIAS DE PONTEVEDRA	91,95	38.692,77 €	25.000,00 €	25.000,00 €
26	2026014811	G28256667	SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL EN ESPAÑA	91,95	14.000,00 €	11.200,00 €	11.200,00 €
27	2026015435	R36001131	COLEGIO NUESTRA SEÑORA DE FÁTIMA EN CRECIENTE ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA	91,94	32.908,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €
28	2026006610	G36427524	FUNDACIÓN IGUAL ARTE	90,32	50.400,00 €	9.600,00 €	9.600,00 €
29	2026008775	G36105567	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	90,32	36.892,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €
30	2026013637	G36248011	ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL	87,00	32.968,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €



31	2026012796	G94069416	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA MORRAZO	86,95	25.000,01 €	20.000,00 €	20.000,00 €
32	2026012157	G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL, ADEC	84,95	6.900,00 €	5.520,00 €	5.520,00 €
33	2026006252	G94061421	ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIADO O MENCER	76,95	8.349,00 €	6.679,20 €	6.679,20 €

O importe total concedido nesta subvención, ascende a un total de 653.109,72 euros, resultado da suma dos importes concedidos ás 33 entidades admitidas.

Cuarto.- Desestimar as 7 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa de exclusión:

ANEXO II RELACIÓN DEFINITIVA DE ENTIDADES EXCLUÍDAS E MOTIVOS DE EXCLUSIÓN

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2026004622	F75415836	A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
2	2026008058	F75382291	MONTES DE COUSO, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (Non estar inscrita no RUEPSS)
3	2026011192	G56202187	FUNDACIÓN OFIR VIDA. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
4	2026015457	G13913488	FUNDACIÓN NOVOBASKET. (Non estar inscrita no RUEPSS)
5	2026014920	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
6	2026017040	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)
7	2026009386	G94000379	ASOCIACIÓN ASISTENCIAL SOS TOMIÑO-BAIXO MIÑO. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)

4.37429.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. (Expte. 2025080411)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026, aprobou as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 44, de 5 de marzo de 2026.



A Deputación Provincial, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, esta liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observadas.

Con data 10 de xullo de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico remite a Intervención a relación de todos os expedientes de solicitude presentados, xunto co informe-proposta de concesión de subvencións, para a súa fiscalización (CSV: 5VIR11VJND18FKID).

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese polo Servizo de Intervención, con data 10 de xullo de 2026, informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 90.000,00 €, con cargo á aplicación 26/332.3322.789.01 do vixente Orzamento provincial (CSV: RR5IGA3F36NUV23Y).

Reunida a Comisión de Valoración constituída para tal fin, con data 13 de xullo de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa das características dos proxectos presentados e das valoracións efectuadas seguindo os criterios sinalados na base décimo segunda das bases reguladoras da convocatoria. Procédese á revisión e aceptación das valoracións realizadas, admitíndose favorablemente un total de 15 solicitudes presentadas en tempo e forma, que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.



En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026 ás 15 solicitudes que figuran na relación co CSV: Q6SILBNEKZRZZPBA que se citan a continuación:

CUADRO DE CONCESIONES (2026)

Expediente	Terceiro extendido	Obxecto subvención	Presuposto	Solicitud	Valoración	Asignado	% Orzamento
2026028074	SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU	Rehabilitación do edificio do foso de adestramento de remo de banco fixo	13.340,40 €	10.672,32 €	83	7.884,14 €	59,10%
2026016384	FUNDACION TRASLATIO	Restauración do buque museo de vapor Hidria Segundo	12.500,00 €	10.000,00 €	79	7.504,18 €	60,03%
2026027399	ASOC CULTURAL, DEPORTIVA E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS FASQUIA	1ª fase da restauración do "Racú Paula"	12.559,80 €	10.047,84 €	78	7.409,19 €	58,99%
2026030259	MAR DA PEDRA DE AMIGOS DAS GAMELAS	Restauración de la gamela coruxeira "Rula"	6.249,63 €	4.999,70 €	76	4.999,70 €	80,00%
2026027435	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS	Traballos pendentes de rehabilitación da Dorna Airexa. 3ª fase	13.391,07 €	10.712,86 €	73	6.934,24 €	51,78%
2026028020	ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA MECA O GROVE	Colocación dun motor intraborda na embarcación "A Meca"	14.003,46 €	11.202,76 €	72	6.839,25 €	48,84%
2026027427	IDILICAMENTE	Restauración da Goleta "Evangeline Uno"	13.404,38 €	10.723,50 €	72	6.839,25 €	51,02%
2026028651	AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	Proxecto de arranxo e mellora da dorna nai "surfeira"	9.078,51 €	7.262,81 €	69	6.554,28 €	72,20%
2026028708	ASOCIACION CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS A TORRE	Traballos de mellora da dorna xeiteira "Rabandeira"	2.329,98 €	1.863,98 €	69	1.863,98 €	80,00%
2026029578	C. MARIÑO SALNÉS	Traballos de mellora na dorna "Muller de Balboas"	12.516,66 €	10.000,00 €	67	6.364,31 €	50,85%
2026016387	ASOCIACION DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL DE BOUZAS	Adquisición de motor para a embarcación buceta "A Fanequeira"	11.313,50 €	9.050,80 €	66	6.269,32 €	55,41%
2026018888	ASOC CULTURAL CARAMUXO DA ILLA DE AROUSA	Restauración do Galeón "Daniel". 2ª Fase	12.075,80 €	9.660,64 €	64	6.079,34 €	50,34%
2026029565	A.D. CULTURAL DORNA	Conservación do galeón "Rei do Mar"	11.676,50 €	9.341,20 €	63	5.984,35 €	51,25%
2026019314	AMIGOS DAS EMBARCACIONES TRADICIONAIS	Equipamento dunha vela para dorna "Mareira I"	4.537,50 €	3.630,00 €	62	3.630,00 €	80,00%
2026028046	ASOC CULTURAL DS ILLA DE AROUSA	Substitución do motor da embarcación "San Pedro"	19.765,76 €	15.812,61 €	51	4.844,47 €	24,51%



- Excluir deste programa as 5 solicitudes que figuran na relación co CSV: 6NZ7KFWF34PFIMFT que se citan a continuación

CUADRO DE EXCLUÍDOS

EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE	ASUNTO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
2026030229	G36438273	Asociación Mar da Pedra de Amigos das Gamelas	Reprodución de tres tipos de redes tradicionais galegas	Renuncia á solicitude de subvención
2026029082	G70104914	Fundación Terrum	Restauración da dorna "Noha"	Incumprimento das bases 4 e 9 (Non ser unha entidade beneficiaria por non conter nos seus estatutos a recuperación, o mantemento ou a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial da provincia)
2026028628	G36582872	Asociación Cultural Komaira	Rehabilitación do Galeón Komaira	Incumprimento da base 4 (Non ser unha entidade beneficiaria por non estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria)
2026029617	G72974108	Asociación Cultural Cornamusa Arousa	Restauración do racu "Catuxa"	Falta de documentación requirida
2026028566	G36448181	Asociación Calmoseira	Recuperación do casco e elementos de seguridade e confort do "Galeón Adelino Manuel"	Falta de documentación requirida

5.37430.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACONDICIONAMENTO NÚCLEO RURAL A COSTA-AGOLADA" (Expte.2026025757)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026027384, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de AGOLADA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 63.491,18 euros, co obxecto do financiamento do investimento "ACONDICIONAMENTO NUCLEO RURAL A COSTA-AGOLADA" (Expte. 2026025757), cuxo orzamento ascende a 63.491,18 euros.

Deste modo, a petición do Concello de AGOLADA queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	63.491,18	63.491,18	0,00	0,00

- O orzamento de 63.491,18 euros contempla 56.231,18 euros de execución de obra, 3.146,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.238,50 euros de honorarios de dirección de obra e 1.875,50 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.
- A devandita autorización, será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e



vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de AGOLADA, CIF: P3602000F, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 63.491,18 euros, co obxecto do financiamento da actuación "ACONDICIONAMENTO NUCLEO RURAL A COSTA-AGOLADA" (Expte.2026025757), cuxo orzamento ascende a 63.491,18 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	63.491,18 €	63.491,18 €	- €	-€

O orzamento de 63.491,18 euros contempla 56.231,18 euros de execución de obra, 3.146,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.238,50 euros de honorarios de dirección de obra e 1.875,50 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de AGOLADA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.37431.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O CAMPO LAMEIRO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL” (Expte.2026000663)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns de euros (8.000.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.205.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de O Campo Lameiro o importe que lle corresponde é de 85.670,70€.
- En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000550) dunha petición do Concello, emendada na data 07/07/2026 (núms. Rexistro WEB2026056124), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 85.670,70 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal”, cun orzamento de 207.657,38€ dos 195.345,67€ son de execución de obra, 6.566,25€ son de redacción proxecto, 4.924,68€ de dirección de obra e 820,78€ de seguridade e saúde e 85.670,70 € de achega municipal.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 17/03/2026.
- Así mesmo en data 07/07/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 14/07/2026.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de TUI, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



18.37443.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE FIRME DUN VIAL MUNICIPAL EN A GUIA-REMUIÑOS, RANDUFE (TUI)” (Expte.2026024352)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026024981), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de TUI na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 183.673,50 euros, con destino ao financiamento “MELLORA DE FIRME DUN VIAL MUNICIPAL EN A GUIA-REMUIÑOS, RANDUFE (TUI)”, cun orzamento por importe de 183.673,50 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	183.673,50	183.673,50	0,00	0,00

O orzamento total contempla execución obra por importe de 169.435,24 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 7.119,13 euros, dirección de obra por importe de 5.695,30 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.423,83 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do “Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana” e declaración responsable ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e



vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 03/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de TUI (P3605500B), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 183.673,50 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE FIRME DUN VIAL MUNICIPAL EN A GUIA-REMUIÑOS, RANDUFE (TUI)” (Expte.2026024352), cuxo orzamento ascende a 183.673,50 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	183.673,50€	183.673,50€	0,00€	0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 169.435,24 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 7.119,13 euros, dirección de obra por importe de 5.695,30 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.423,83 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial do servizo provincial de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de TUI, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



19.37444.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026. (Expte. 2025080637)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 6 de marzo de 2026, aprobou as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026 (BOPPO núm. 51 de 16 de marzo de 2026).

Esta convocatoria ten por obxecto regular e conceder axudas económicas ás actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

De acordo coa base cuarta da convocatoria, a concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000) euros.

A axuda para realizar as actividades de dinamización da lingua dirixidas aos concellos non poderá superar o 75 % do orzamento presentado para levalas a cabo.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c) da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Recibidas en prazo un total de 42 solicitudes, revísase a totalidade dos expedientes para notificarlles aos interesados os defectos e/ou omisións detectadas para a súa emenda no prazo improrrogable de dez días, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co art. 23.5 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.



Con data 26 de xuño de 2026, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe para fiscalización previa das 42 solicitudes recibidas en prazo para o programa indicado (CSV: 3EOD78M4EJSNOWJG) , en virtude do disposto na base décimo cuarta: Instrución e resolución do procedemento da bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese pola área de Intervención con data 17 de xullo de 2026, informe favorable (CSV: 236LV4G8WCKJIMPZ) sobre existencia de consignación, por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, , de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.



No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétase que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. No artigo 4.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.”

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.”

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026 que figuran a continuación:

Exped.	NIF/CIF	Concello	Obxecto subvención	Orzamento	Solicitude	Valoración	Asignado	%
2026043222	P3600300B	BAIONA	BAIONA VILA VIVA NO OUTONO	4.961,00 €	3.720,75 €	77	3.676,78 €	74,11
2026041423	P3600200D	BARRO	DANDOLLE A LINGUA 2026	5.756,86 €	4.317,64 €	99	4.317,64 €	75
2026035723	P3600400J	BUEU	REALIZACIÓN CERTAMES DE POESÍA E XORNALISMO JOHAN CARBALLEIRA	8.386,27 €	6.289,70 €	116	5.539,04 €	66,05
2026035754	P3600500G	CALDAS DE REIS	O GALEGO É NATURAL	11.319,55 €	6.217,82 €	90	4.297,53 €	37,97
2026035736	P3600600E	CAMBADOS	"AS MULLERES DO MAR 2"	6.760,00 €	5.070,00 €	53	2.530,77 €	37,44
2026043277	P3600700C	CAMPO LAMEIRO, O	CICLO DE CINE GALEGO	2.347,40 €	1.760,55 €	23	1.098,26 €	46,79
2026041499	P3600800A	CANGAS DE MORRAZO	II XORNADAS DO GALEGO NO VIDEOXOGO: USO SAUDABLE	3.000,00 €	2.250,00 €	43	2.053,27 €	68,44



Exped.	NIF/CIF	Concello	Obxecto subvención	Orzamento	Solicitud	Valoración	Asignado	%
2026035724	P3600900I	CANIZA, A	LETRAS GALEGAS 2026	4.459,21 €	3.344,40 €	86	3.344,40 €	75
2026043272	P3601000G	CATOIRA	FOLIADA ASALTO: CANTAMOS E BILAMOS A NOSA LINGUA	4.840,00 €	3.630,00 €	66	3.151,52 €	65,11
2026035721	P3601600D	DOZÓN	ACTIVIDADE DÍA DAS LETRAS GALEGAS	350,00 €	262,50 €	21	262,50 €	75
2026035734	P3601700B	ESTRADA, A	ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026	13.000,00 €	9.750,00 €	133	6.350,80 €	48,85
2026035727	P3601900H	FORNELOS DE MONTES	PREMIOS DE POESIA E XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY (CAUSA LUEIRO 2026)	5.921,10 €	4.440,82 €	48	2.292,02 €	38,71
2026035720	P3602200B	GROVE, O	II EDICIÓN PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA "LINGUA E CINEMA"	4.620,00 €	3.418,00 €	127	3.418,00 €	73,98
2026043278	P3602300J	GUARDA, A	A GUARDA DÁLLE A LINGUA: OS PRECURSORES A ESCENA	8.631,50 €	5.100,00 €	111	5.100,00 €	59,09
2026035729	P8600004I	ILLA DE AROUSA, A	LIBROS "BEGO E O MUNDO DO REVÉS" E COMO COMPLEMENTO Á LECTURA ESPECTÁCULO	1.400,00 €	616,00 €	46	616,00 €	44
2026035738	P3602400H	LALÍN	LALÍN NAS LETRAS 2026	12.000,00 €	4.150,00 €	125	4.150,00 €	34,58
2026041489	P3602500E	LAMA, A	EDICIÓN E DIFUSIÓN DO NÚMERO 19 DA REVISTA CULTURAL EN LINGUA GALEGA A PEDREIRA	6.014,70 €	4.511,02 €	89	4.249,78 €	70,66
2026043233	P3602800I	MEIS	A FURIA DA AMANITA	2.178,00 €	1.633,50 €	40	1.633,50 €	75
2026035753	P3602900G	MOAÑA	PROGRAMA: 21 DÍAS EN GALEGO	10.347,12 €	7.760,34 €	161	7.687,79 €	74,3
2026041494	P3603000E	MONDARIZ	O MES DA NOSA LINGUA	7.302,85 €	5.477,13 €	83	3.963,28 €	54,27
2026041421	P3603200A	MORAÑA	ESCOLLE COMERCIO LOCAL, MERCA EN GALEGO	6.872,80 €	5.154,60 €	70	3.342,53 €	48,63
2026043276	P3603300I	MOS	PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA A TRAVÉS DA MÚSICA EN VIVO	8.197,75 €	6.148,32 €	127	6.064,30 €	73,98
2026035742	P3603400G	NEVES, AS	AS NEVES EN GALEGO. 2026	4.734,73 €	3.551,04 €	49	2.339,77 €	49,42
2026041500	P3603500D	NIGRÁN	1ª EDICIÓN DO LIBRO AS MARXES DE CARLOS CASARES	2.948,45 €	1.326,80 €	32	1.326,80 €	45
2026043275	P3603600B	OIA	OIA EN PODCAST:TALLER ESCOLAR DE CREACIÓN AUDIOVISUAL EN GALEGO	3.630,00 €	2.722,50 €	78	2.722,50 €	75
2026035744	P3603700J	PAZOS DE BORBEN	OBRADOIROS DE CREACIÓN LITERARIA E CERTAME DE RELATO CURTO 2026	8.800,00 €	6.600,00 €	140	6.600,00 €	75
2026035750	P3604100B	POIO	ACTIVIDADE PALCO DAS LETRAS 2026: MAIOS 2026 E CERTÁMEN LITERARIO XAIME ILLA XXXIV	6.340,00 €	4.755,00 €	84	4.011,03 €	63,27
2026043260	P3604300H	PONTE CALDELAS	LATEXOS	6.050,00 €	4.537,50 €	53	2.530,77 €	41,83
2026041496	P3604200J	PONTEAREAS	FOMENTO DO GALEGO NO ÁMBITO COMERCIAL E SOCIOECONÓMICO	18.077,40 €	13.558,05 €	118	5.634,54 €	31,17
2026035739	P3604400F	PONTECESURES	CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA PRAZA DE ABASTOS 2026 PONTECESURES	1.778,70 €	1.334,03 €	28	1.334,03 €	75
2026035731	P3604500C	REDONDELA	UNHA SEMANIÑA ENTEIRA. PROXECTO DE FOMENTO ENTRE A MOCIDADE DO GALEGO ORAL	12.450,77 €	9.338,08 €	126	6.016,55 €	48,32
2026041413	P3604800G	ROSAL, O	VENRES REBULDEIROS	3.879,78 €	2.909,85 €	68	2.909,85 €	75
2026043274	P3604900E	SALCEDA DE CASELAS	PROMOCIÓN E CONMEMORACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS	3.951,90 €	2.963,93 €	81	2.963,93 €	75
2026041417	P3605000C	SALVATERRA DE MIÑO	VIVE O NADAL EN SALVATERRA	2.286,90 €	1.715,18 €	41	1.715,18 €	75
2026041416	P3605100A	SANXENXO	SANXENXO FALA. MAIO 2026	7.767,00 €	1.941,75 €	114	1.941,75 €	25
2026041502	P3605300G	SOUTOMAIOR	LETRAS GALEGAS 2026	9.075,00 €	5.808,00 €	98	4.679,54 €	51,57
2026035749	P3605400E	TOMIÑO	LETRAS GALEGAS: ESCOITAR, FALAR E SENTIR EN GALEGO	8.714,27 €	6.535,70 €	79	3.772,28 €	43,29
2026041492	P3605500B	TUI	TUI EN LETRAS 2026	9.222,41 €	4.611,20 €	124	4.611,20 €	50
2026035726	P3605600J	VALGA	XXVII PREMIO DE INVESTIGACION XESUS FERRO COUSELO	10.259,90 €	7.694,93 €	113	5.395,79 €	52,59
2026043091	P3605900D	VILA DE CRUCES	AS NOSAS LETRAS EN FAMILIA	4.033,70 €	3.025,28 €	58	2.769,52 €	68,66
2026035740	P3605800F	VILABOA	XORNADAS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO: BUXAINAS COLORIDAS	3.270,90 €	2.453,18 €	31	1.480,26 €	45,26
2026035743	P3606000B	VILAGARCÍA DE AROUSA	PROGRAMA DE ACTIVIDADES «ARGONAUTAS LITERARIOS 2026»	8.140,00 €	6.105,00 €	136	6.105,00 €	75



20.37445.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRÁIDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2026). (Expte. 2025074583)

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2026, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)”, publicadas no BOPPO número. 1, do 02 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- Nos termos referidos na base quinta, o financiamento do programa +NOVAQUA 2026 ascende a trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes.

TERCEIRO.- Trátase dun programa que está a xerar un extraordinario nivel de interese, como demostran as cen solicitudes presentadas. Esta elevada participación supera amplamente as previsións iniciais, o que pon de manifesto a conveniencia de reforzar a súa dotación orzamentaria para garantir unha resposta eficaz e eficiente á demanda existente e favorecer o cumprimento dos obxectivos e finalidades establecidos.

CUARTO.- Por elo, unha vez analizada a necesidade deste investimento en correlación á dispoñibilidade orzamentaria, estase a tramitar o expediente de modificación de crédito número 05/2026, destinado a dotar con dez mil euros (10.000,00€) o programa +NOVAQUA 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

QUINTO.- En consecuencia, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas foi elevado en relación ao financiamento inicialmente previsto, e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan, propónse unha modificación parcial das bases e convocatoria do Programa +NOVAQUA 2026, para incrementar o seu financiamento, ata trescentos setenta mil euros (370.000,00€), crédito que se estima suficiente para cubrir a totalidade das solicitudes presentadas que cumpren todos as condicións de subvencionabilidade impostas nas bases reguladoras do programa.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

4º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen as comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.

5º.- O artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.



6º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

7º.- Mediante o expediente en tramitación de modificación de crédito número 05/2026, vaise a dotar con dez mil euros (10.000,00€) o programa +NOVAQUA 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

Polo tanto, para activar a dispoñibilidade deste crédito, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do Programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 co fin de suplementar o crédito inicial ata un total trescentos setenta mil euros (370.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes, e condicionado á súa aprobación, publicación e entrada en vigor do dito suplemento de crédito. Crédito que se estima suficiente para atender integramente toda as solicitudes presentadas que cumpren os requisitos de subvencionabilidade establecidos nas bases reguladoras do programa.

8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó programa +NOVAQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das comunidades de usuarios de augas no marco da política económica e social, poñendo o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.



Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrência competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na base segunda do programa +NOVAQUA 2026, en virtude do disposto na base terceira será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)”, para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de trescentos setenta mil euros (370.000,00€), en base ao expediente de modificación de crédito número 05/2026 condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

En consecuencia, propónse modificar a base quinta de maneira que onde di:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos sesenta mil (360.000,00 €) euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07 para gastos correntes.”

Quedaré redactada co seguinte teor literal:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos setenta mil euros (370.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes.”

O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

O Xefe do servizo de Cooperación,

Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico



das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Intervención Provincial de data 06/07/2026 e da xefatura do Servizo de Cooperación de data 15/06/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobación da modificación da base quinta do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o ano 2026 (programa +NOVAQUA 2026) – Expte.2025074583 da maneira que segue:

- “A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos setenta mil euros (370.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07, para gastos correntes”.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

21.37446.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRÁIDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +AQUA 2026). (Expte.2025074581)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Programa +AQUA 2026)”, publicadas no BOPPO núm. 1, do 2 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- Nos termos referidos na base quinta, o financiamento do Programa +AQUA 2026 da provincia de Pontevedra desta convocatoria ascende a un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

TERCEIRO.- Trátase dun programa no que suscita un extraordinario grao de interese con máis de catrocentas solicitudes presentadas. Superando as expectativas iniciais, polo que supón a necesidade de incrementar o financiamento para contribuír de maneira eficaz e eficiente á consecución dos obxectivos e finalidades do programa.



CUARTO.- Por elo, unha vez analizada a necesidade deste investimento en correlación á dispoñibilidade orzamentaria, estase a tramitar o expediente de modificación de crédito número 05/2026, destinado a dotar con dous millóns douscentos corenta mil euros (2.240.000,00€) o programa +AQUA 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

QUINTO.- En consecuencia, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas foi moi elevado en relación ao financiamento inicialmente previsto, e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan, propónse unha modificación parcial das bases e convocatoria do Programa +AQUA 2026, para incrementar o seu financiamento, ata tres millóns seiscientos oitenta mil euros (3.680.000,00€), crédito que se estima suficiente para cubrir a totalidade das solicitudes presentadas que cumpren todos as condicións de subvencionabilidade impostas nas bases reguladoras do programa.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do Programa +AQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.



4º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o Programa +AQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen as comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.

5º.- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

6º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

7º.- Mediante o expediente en tramitación de modificación de crédito número 05/2026, vaise a dotar con dous millóns douscentos corenta mil euros (2.240.000,00€) o programa +AQUA 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

Polo tanto, para activar a dispoñibilidade deste crédito, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do Programa +AQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 co fin de suplementar o crédito inicial ata un total de tres millóns seiscentos oitenta mil euros (3.680.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, e condicionado á súa aprobación, publicación e entrada en vigor do dito suplemento de crédito. Crédito que se estima suficiente para atender integramente toda as solicitudes presentadas que cumpren os requisitos de subvencionabilidade establecidos nas bases reguladoras do programa.

8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó Programa +AQUA 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das comunidades de usuarios de



augas no marco da política económica e social, poñendo o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrència competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na base segunda do Programa +AQUA 2026, en virtude do disposto na base terceira será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (PROGRAMA +AQUA 2026)”, para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de tres millóns seiscentos oitenta mil euros (3.680.000,00€), en base ao expediente de modificación de crédito número 05/2026 condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.



En consecuencia, propónse modificar a base quinta de maneira que onde di:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”

Quedaría redactada co seguinte teor literal:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a tres millóns seiscientos oitenta mil euros (3.680.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”

O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

O xefe do servizo de Cooperación,

Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de *organización*, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación (csv: 286RCHQO2FM0DHM6 e csv: IH0XNVSEHGXMIRKQ) e da intervención provincial (csv: NWYT6HEIYL6U6FH5), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobación da modificación da base quinta do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da Provincia de Pontevedra para o *ano* 2026 (programa +AQUA 2026) – Expte.2025074581 da maneira que segue:

- *“A contía desta convocatoria de axudas ascende a tres millóns seiscientos oitenta mil euros (3.680.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.”*

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de *Pontevedra* <https://sede.depo.gal>.



22.37447.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2026). (Expte. 2025074584)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2026, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (plan provincia comunitaria 2026)”, publicadas no BOPPO núm. 1, do 2 de xaneiro de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- Nos termos previstos na base quinta, o financiamento do plan provincia comunitaria 2026 desta convocatoria ascende a un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

TERCEIRO.- Trátase dun programa no que suscita un extraordinario grao de interese con máis de catrocentas solicitudes presentadas. Superando as expectativas iniciais, polo que supón a necesidade de incrementar o financiamento para contribuír de maneira eficaz e eficiente á consecución dos obxectivos e finalidades do programa.

CUARTO.- Por elo, unha vez analizada a necesidade deste investimento en correlación á dispoñibilidade orzamentaria, estase a tramitar o expediente de modificación de crédito número 05/2026, destinado a dotar con un millón setecentos mil euros (1.700.000,00€) o programa de Acción Comunitaria 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

QUINTO.- En consecuencia, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas foi moi elevado en relación ao financiamento inicialmente previsto, e con fundamento na necesidade de garantir o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades do plan, propónse unha modificación parcial das bases e convocatoria do programa de Acción Comunitaria 2026, para incrementar o



seu financiamento, ata tres millóns cento corenta mil euros (3.140.000,00€), crédito que se estima suficiente para cubrir a totalidade das solicitudes presentadas que cumpren todos as condicións de subvencionabilidade impostas nas bases reguladoras do programa.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- As medidas adoptadas no marco do plan provincia comunitaria 2026 preténdese que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e estimular a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a habitabilidade humana, desde un enfoque centrado, por primeira vez, nos obxectivos do reto demográfico.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste senso, á Deputación correspóndelle, na medida das súas posibilidades, remover os obstáculos que supoñen as limitacións orzamentarias poden o respecto e cumprimento dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

3º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

4º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o plan provincia comunitaria 2026 da provincia de Pontevedra para o ano 2026 prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen as comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes.

5º.- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.



6º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

7º.- Mediante o expediente en tramitación de modificación de crédito número 05/2026, vaise a dotar con un millón setecentos mil euros (1.700.000,00€) o programa de Acción Comunitaria 2026 con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

Polo tanto, para activar a dispoñibilidade deste crédito, procede propoñer unha modificación parcial das bases reguladoras do plan provincia comunitaria 2026 co fin de suplementar o crédito inicial ata un total de tres millóns cento corenta mil euros (3.140.000,00€), imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, e condicionado á publicación e entrada en vigor do dito suplemento de crédito. Crédito que se estima suficiente para atender integramente toda as solicitudes presentadas que cumpren os requisitos de subvencionabilidade establecidos nas bases reguladoras do programa.

8º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó plan provincia comunitaria 2026, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros e sen que se abra un novo período de presentación de solicitudes. Co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e cubrir as necesidades das entidades veciñais e comunitarias no marco da política económica e social, poñendo o acento na necesaria vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas principalmente nos ámbitos rurais e implicando directamente á propia veciñanza na construción do seu propio modelo de vida con parámetros de calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

9º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa



aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

Ademais, esta modificación non supón a vulneración dos principios da concorrência competitiva, non se alteran os prazos do programa debido a que non se abre un novo período de presentación de solicitudes e polo tanto non supón prexuízos a terceiros, estimándose que con esta medida se contribuirá a optimizar o logro dos obxectivos e finalidades do plan.

10º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto en relación ao réxime xurídico deste plan na base segunda do plan provincia comunitaria 2026, en virtude do disposto na base terceira será a Xunta de Goberno da Deputación o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan Provincia Comunitaria 2026)”, para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento ata un total de tres millóns cento corenta mil euros (3.140.000,00€), en base ao expediente de modificación de crédito número 05/2026 condicionado á súa aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2026, publicación e entrada en vigor.

En consecuencia, propónse modificar a base quinta de maneira que onde di:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais”.

Quedaría redactada co seguinte teor literal:

“A contía desta convocatoria de axudas ascende a tres millóns cento corenta mil euros (3.140.000,00€) de euros, financiados con fondos propios *da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais*”.



O resto do texto das bases e convocatoria permanecerá igual.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación (csv: 46Z701OSIECW3F7N e csv: HH1JHB1OBOBC8NCW) e da intervención provincial (csv: GMOWB16KA98XCGQI), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación da base quinta do Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (plan provincia comunitaria 2026) – Expte.2025074584 da maneira que segue:

- *"A contía desta convocatoria de axudas ascende a tres millóns cento corenta mil euros (3.140.000,00€) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais"*

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

23.37448.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN VECIÑAL VILALÉN PARA O INVESTIMENTO "ACTUACIÓN DE MELLORA NO LOCAL SOCIAL DE VILALÉN" INCLUÍDO NO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (Expte. 2025018260)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247 do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.



Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 5.35766 de data 14/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2025, por importe de 10.000,00 euros á Asociación de veciños Vilalén co obxecto do financiamento do investimento *“Actuacións de mellora no local social de Vilalén”* (Expte. 2025018260), en base a un orzamento de 17.980,60 euros.

Terceiro.- Nas datas 05/05/2026 (núm. rexistro WEB2026038970), 11/05/2026 (núm. rexistro WEB2026041152), 13/05/2026 (núm. rexistro WEB2026041858) e 26/05/2026 (núm. rexistro WEB2026042245), dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada na Sede Electrónica da Deputación a documentación requirida nas bases reguladoras para a xustificación da axuda concedida, correspondente ao investimento *“Actuacións de mellora no local social de Vilalén”* (Expte.2025018260), e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 12/06/2026 a facultativa técnica presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: 0D3SGM3TDDCJOT5C.

Cuarto.- En data 14/07/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existe informe desfavorable da Intervención provincial de data 11 de novembro de 2025 (CSV: 2M4D6H3T1KL66VIM), respecto á concesión da subvención á Asociación Círculo Artístico Deportivo Veciñal Gato Negro.

Quinto.- Dado que a Asociación de veciños Vilalén CIF G36279891, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 10.000,00 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da intervención provincial de data 14/07/2026 de da xefatura do Servizo de Cooperación de data 15/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobación do recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 10.000,00 euros a favor da Asociación de veciños Vilalén, con CIF G36279891, ao abeiro do programa Plan Provincia Comunitaria 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.



2. Darlle traslado do presente acordo á Asociación de veciños Vilalén, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

24.37449.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA - OS MARTORES DO 0+000 AO 0+110 E NA EP-8502 VALGA - BAÑO DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)". (Expte.2026039519)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P. 8501 Valga – Os Martores e E.P. 8502 Valga – Baño, que transcorren polo Concello de Valga e teñen unha lonxitude de 6.160 m e 768 m respectivamente. Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+950 da E.P. 8502 Valga – Baño, e entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+110 da E.P. 8501 Valga – Os Martores, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha



actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil, co fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade das estradas provinciais para acudir aos diferentes equipamentos públicos existentes no entorno, como poden ser o Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Baño Xanza, a Gardería Infantil Municipal de Valga ou o Centro Social do Concello, entre outros. A maiores, se necesita solucionar os problemas de inseguridade viaria existentes nos cruces e interseccións que dan acceso tanto ao Centro de Educación Infantil e Primaria como á gardería municipal, buscando en todo momento reestruturar un espazo que permita reorganizar estas interseccións de forma segura tanto para os peóns como para os vehículos motorizados.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse D. Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 886.682,36 €, IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: KOM7CVM24ZRQ6QSG.

Resultando.- Que con data 19/12/2025 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga, convenio de colaboración para levar a cabo a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)”.

Resultando.- Que recolle o ditado convenio que as obras estarán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga mediante a achega das cantidades relacionadas a continuación:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	709.345,89 €	80
Concello de Valga	177.336,47 €	20
TOTAL OBRAS	886.682,36 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga – Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga – Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os RC 12026000113756 e 12026000115457 por importes de 709.345,89 € e 177.336,47 € respectivamente, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: RD58RDMWD2OU2QV8 informe de supervisión favorable para a aprobación do proxecto, emitido polo xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais.

Resultando.- Que consta no expediente informe favorable de fiscalización do proxecto favorable CSV: JYTJXXA0BSWM5AKH.

Resultando.- Que de conformidade co recollido no proxecto e segundo o sinalado no informe de supervisión, para a execución das obras é necesaria a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, que consta no expediente con CSV: 15MB59FCV5KPBNTN, e autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia, que consta no expediente con CSV: ZXL1PYEWSX1P9FN2.

Resultando.- Que se sinala a necesidade de ocupar un total de 9 parcelas, constando no expediente con CSV: K9K2JC6F04YVHVHD, certificado do Secretario do Concello de Valga da posta a disposición da Deputación ditas parcelas.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo “a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación”, ao tratarse dunha obra de mellora do trazado e da mobilidade peonil.



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", redactado por D. Sergio Daniel Orosa López, enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 886.682,36 €, IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: KOM7CVM24ZRQ6QSG.

25.37450.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6007 GOLETA-CERCIO-ESTRADA RODO-BRÁNTEGA, DENDE O P.Q. 2+550 AO P.Q. 2+800. CONCELLO DE LALÍN". (Expte. 2026016418)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade. O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria. Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, que transcorre íntegramente polo Concello de Lalín, e ten unha lonxitude total de 3.940 metros. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais. Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín”, no termo municipal de Lalín.

Resultando.- Que con data 30/10/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín nas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	429.533,45 euros	70
Concello de Lalín	184.085,77 euros	30
TOTAL OBRAS	613.619,22 euros	100



Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto e a licitación dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a tal fin redactouse polo enxeñeiro D. Sergio Danil Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto de construción "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín" cun orzamento base de licitación de 613.619,22 euros. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 8E5FA66YGONCCBQT.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31/07/2025 acordou aprobar inicialmente o proxecto construtivo de "Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o pq. 2+550 ao pq. 2+800 (Concello de Lalín)". Publicados os correspondentes anuncios no BOP e BOE non se presentaron durante o período de información pública reclamacións fronte ao proxecto aprobado inicialmente nin alegacións entendéndose definitivamente aprobado.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade que consta no expediente con CSV: 8BVXC2C7KMINNRNU, solicítase a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín".

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/05/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- AUDECA, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, e o Xefe da Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola, con datas 12 e 15 de xuño de 2026, respectivamente asinaron un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
AUDECA, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	18,00	3,00	21,00
NAROM, S.L.	14,00	2,00	16,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, e do Xefe da Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola, asinado de forma electrónica con datas 12 e 15 de xuño de 2026, respectivamente, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
AUDECA, S.L.U.	475.199,95 €	1,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	481.615,02 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	500.429,30 €	3,00%	36 MESES	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
AUDECA, S.L.U.	20,93	5,00	0,00	5,00	30,93
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	16,96	5,00	5,00	5,00	31,96
NAROM, S.L.	4,51	5,00	5,00	5,00	19,51

Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	31,96	52,96
2	AUDECA, S.L.U.	14,00	30,93	44,93
3	NAROM, S.L.	16,00	19,51	35,51



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, (B94181807), por un importe de 582.754,17 €, IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, (B94181807) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 25.356,17 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 13/07/226 con número de operación 12026000151064.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (B84840685), o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.



Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín", por un importe estimado de 5.198,03 €, IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) NJMTYSHZS67IMVJ6 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2023037168, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº I2026000066125.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, (B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín", por importe de 582.754,17 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	481.615,02 €
IVE (21%)	101.139,15 €
Importe Total.....	582.754,17 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.



O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026016418.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.
3. Adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), o Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín", por un importe de 5.198,03 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	4.295,89 €
IVE (21%)	902,14 €
Importe Total.....	5.198,03 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026028022.

26.37451.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 2602 PEINADOR-LOUREDO, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 4+420 (CONCELLO DE MOS)". (Expte. 2025070519)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2602 Peinador-Louredo que percorre o termo municipal de Mos pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.420 metros.



Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do firme, no treito comprendido entre os p.q. 0+000 ao p.q. 4+420, sendo este, dun total de 4.420 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de Mos, a fin de salvaguardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)", cun orzamento base de licitación de o proxecto de 736.604,26 €, IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: LMLEWXW4PZXJD7RR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)".

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000011199, por importe de 736.604,26 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)", redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 736.604,26 €, IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: LMLEWXW4PZXJD7RR.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da



Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/05/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, e a Xefa de Sección de Conservación e Explotación, Dona María Elena Pérez Alonso, con data 16 de xuño de 2026, asinaron un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	2,00	20,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,00	2,00	21,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao e da Xefa de Sección de Conservación e Explotación, Dona María Elena Pérez Alonso, asinado de forma electrónica con data 16 de xuño de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)".

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	597.197,34 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	572.542,40 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	588.065,88 €	3,00%	36 MESES	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	6,45	5,00	5,00	5,00	21,45
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,56	5,00	5,00	5,00	34,56
NAROM, S.L.	11,55	5,00	5,00	5,00	26,55



Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)" que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	34,56	55,56
2	NAROM, S.L.	21,00	26,55	47,55
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	21,45	41,45

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)" á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (B36633537), por un importe de 692.776,30 € IVE engadido.

Resultando.- Que A Mesa de Contratación efectuou a comprobación de que a empresa, MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (CIF B36633537), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 30.438,19 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 06/07/2026 con número de operación 12026000139888.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas..."

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. o Lote 3 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente á empresa Aquatica Ingeniería Civil, S.L. (B36962314), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)", por un importe estimado de 3.510,39 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) 5WCGW9V3ROZC7IQ9 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2025070519, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº12026000084744.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

4. Adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (B36633537) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)", por un importe de 692.776,30 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado572.542,40 €

IVE (21%)120.233,90 €

Importe Total.....692.776,30 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025070519.



5. Nomear directora de obra a Dona María Elena Rodríguez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
6. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)", por un importe de 3.510,39 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:
- | | |
|------------------------|------------|
| Importe ofertado | 2.901,15 € |
| IVE (21%) | 609,24 € |
| Importe Total..... | 3.510,39 € |

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025080576.

27.37452.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA EXTRAORDINARIA DO CONTRATO DE SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES. (Expte. 2021031854)

Visto que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o día 1 de abril de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do novo



contrato denominado Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes (expediente 2025054733), acordando igualmente a apertura do procedemento de licitación. O anuncio de licitación foi remitido á Oficina de Publicacións da Unión Europea o día 7 de abril de 2026, establecéndose un prazo de trinta días naturais para a presentación de proposicións.

Resultando que a complexidade inherente ao procedemento de contratación e ás actuacións necesarias para a súa tramitación non permiten garantir, con anterioridade á finalización da vixencia do contrato actualmente en execución, que o novo contrato poida quedar adxudicado, formalizado e en execución nesa data. En consecuencia, e co fin de garantir a continuidade da prestación e evitar calquera interrupción nun servizo de carácter esencial e de evidente interese público, resulta necesario prever como medida alternativa a prórroga extraordinaria prevista no artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o caso de que o novo contrato non poida iniciarse en prazo.

Resultando que o contrato actualmente en vigor foi adxudicado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, á empresa Quavita Services Asistenciales, S.A.U. (NIF A-80106842), formalizándose en documento administrativo o 26 de xullo de 2022 e atopándose prorrogado ata o 31 de xullo de 2026, polo que, de non poder formalizarse e iniciarse a execución do novo contrato antes desa data, procedería acudir á prórroga extraordinaria prevista no artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando que esta prórroga extraordinaria limitárase ao tempo estritamente imprescindible para concluír o procedemento de contratación, formalizar o novo contrato e iniciar a súa execución, sen que en ningún caso poida superar o prazo máximo de nove meses establecido no artigo 29.4 da LCSP.

Resultando que, mediante rexistro de saída NOT2026017900, de data 3 de xullo de 2026, notificouse á empresa contratista o preaviso da intención da Administración de acordar a citada prórroga extraordinaria, nos mesmos termos e condicións do contrato actualmente vixente.

Resultando que a presente prórroga extraordinaria non supón a necesidade de habilitar crédito adicional, ao financiarse con cargo ao crédito xa retido para o novo contrato de Servizo de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes (expediente 2025054733).



Resultando que consta no expediente o documento de retención de crédito número 12026000017516, con cargo á aplicación orzamentaria 231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial, destinado a financiar os gastos derivados do expediente 2025054733 correspondentes á anualidade 2026.

Resultando que os prezos unitarios aplicables durante o período de prórroga extraordinaria serán os establecidos no contrato actualmente vixente (expediente 2021031854), mantendo igualmente o réxime de facturación e pagamento previsto no prego de cláusulas económico-administrativas particulares que o rexe:

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSOA TITULAR SERVIZO TELEASISTENCIA	18,09 €	0,72 €	18,81 €
PERSOA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	19,15 €	0,77 €	19,92 €
PERSOA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	6,74 €	0,27 €	7,01 €
PERSOA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	5,39 €	0,22 €	5,61 €

Resultando que, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, a adopción da presente prórroga extraordinaria require acordo expreso do órgano de contratación, logo do informe preceptivo da Secretaría Xeral da Corporación, conforme ao previsto na disposición adicional terceira da citada lei.

Resultando que consta no expediente o informe favorable conxunto emitido polo Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 14 de xullo de 2026 (CSV: 9EEBI3AVCRXR7NR8), no que se conclúe favorablemente a procedencia da prórroga extraordinaria do contrato desde o 1 de agosto de 2026 ata a formalización e inicio da execución do novo contrato, permanecendo inalteradas as condicións contractuais vixentes e financiándose os gastos correspondentes con cargo aos créditos retidos para o expediente 2025054733.

Considerando o disposto no artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que permite a prórroga extraordinaria dos contratos cando, por razóns de interese público e como consecuencia de incidencias imprevisibles producidas durante o procedemento de adxudicación, non se formalizase o novo contrato antes da finalización do anterior, sempre que a licitación se iniciase coa antelación legalmente esixida e sen modificar as restantes condicións do contrato.



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga extraordinaria do contrato para a prestación do servizo de “Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes” subscrito coa empresa Quavita e Servizos Asistenciais, S.A.U (NIF: A-80.106.842), durante o período que vai desde o 01 de agosto de 2026, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2025054733, ou, en todo caso, polo período máximo de nove meses que establece o artigo 29.4 da LCSP, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

Os meses de prórroga extraordinaria facturaranse polos importes establecidos no contrato actual (expediente nº 2021031854), obxecto desta prórroga; e financiaranse con cargo aos importes retidos para o expediente nº 2025054733, actualmente en licitación. Posteriormente, a financiación do futuro contrato axustarase ao período real de duración unha vez formalizado.

28.37453.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE VARIAS INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA CON ALMACENAMENTO PARA AUTOCONSUMO CORRESPONDENTES AOS EXPEDIENTES DE AXUDA CON NÚMERO PR-RENOINN 2024-000360, PR-RENOINN 2024-000362, PR-RENOINN 2024-000364, PR-RENOINN 2024000142 Y PR-RENOINN 2024-000245 AO AMPARO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO ASÍ COMO A IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES IMPULSADA POLO IDAE NO MARCO DO PRTR. (Expte. 2025050635)

O Deputado Delegado de Acción comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, con data 24/04/2026 (CSV EX74KSL7ABRO36DD) ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación dos traballos de instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo, correspondentes aos expedientes de axuda con número PRRENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PRRENOINN2024-000142 E PR-RENOINN2024-000245, ao amparo da primeira convocatoria do Programa de Incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras)



impulsada polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU, que comprende as seguintes proxectos/actuacións:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	CONCELLOS
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	Ponte Caldelas, Cerdedo Cotobade, Crecente, Vilanova de Arousa, A Lama, Arbo, Valga e Pazos de Borbén.
LOTE 2	PR-RENOINN-2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	Moraña, Portas, Ribadumia, Covelo, Vila de Cruces, A Illa de Arousa, Caldas de Reis, O Campo Lameiro e As Neves
LOTE 3	PR-RENOINN-2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	Mondariz Balneario, Silleda, Mondariz, Bueu, Sanxenxo, A Caniza e Dozón.
LOTE 4	PR-RENOINN-2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín.
LOTE 5	PR-RENOINN-2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	Cambados, Moaña, Baiona, Nigrán, A Guarda e Vilaboa.

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo :

- 09330000 - Enerxía solar Adicional
- 09331000- Placas solares
- 09331200- Módulos solares fotovoltaicos
- 09332000- Instalación solar
- 31400000- Acumuladores, pilas e baterías de pilas.
- 31434000 - Acumuladores de litio.
- 31440000 - Baterías.



- 45300000 – Traballos de instalación en edificios
- 45310000 – Traballos de instalación eléctrica
- 45315600 – Instalacións de baixa tensión
- 45261215 – Revestimento de cubertas con placas solares

O contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

A vista do exposto, polo técnico Jose Eduardo Palla Nogueira Enxeñeiro industrial con nº Colexiado 1286 redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas sendo os códigos CSV dos proxectos os seguintes:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	Código CSV Proxecto
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	WWE2JGZ8NMLYWDHO
LOTE 2	PR-RENOINN-2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	61NDVZG0B7LXQGZ8
LOTE 3	PR-RENOINN-2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	2B1MJRMDG8ERNY2U
LOTE 4	PR-RENOINN-2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	FHXJZM47K5EE8HIX
LOTE 5	PR-RENOINN-2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	2825TNQ2MIFEF8ZJ



O Enxeñeiro do Servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez-Nieves emitiu con data 21 de abril de 2026 informes de supervisión dos referidos proxectos sendo os códigos CSV os seguintes:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	Código CSV Informe supervisión
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	G78GOI7WL8A6BWDE
LOTE 2	PR-RENOINN-2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	GDT816SUN8EDGDY7
LOTE 3	PR-RENOINN-2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	GWIK57IPU7R1WUNM
LOTE 4	PR-RENOINN-2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	GOBVY4OXK1NSS5FV
LOTE 5	PR-RENOINN-2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	G0GFPGTPIW834KH

Así mesmo, o Enxeñeiro do Servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez-Nieves emitiu as actas de replanteo previo que foron asinadas con data 23 de abril de 2026, sendo os codigos CSV:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	Código CSV Acta replanteo previo
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	469KBR0HOQXBJQCO
LOTE 2	PR-RENOINN-2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	4CTDOFLFQQ2IO7WH
LOTE 3	PR-RENOINN-2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	47O9JSH73POMFMRI
LOTE 4	PR-RENOINN-2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	4D92WG265PSUK4BB
LOTE 5	PR-RENOINN-2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	4VJPSSGBYPF64NMW



Visto que pola intervención emitíronse os correspondentes informes de fiscalización dos referidos proxectos correspondentes aos 5 lotes polos que se informan favorablemente os mesmos coas seguintes observacións:

Lote 1

“As instalacións fotovoltaicas incluídas no proxecto comprenden un número de paneis que non se axusta ao previsto nos respectivos convenios de colaboración e na memoria técnica remitida ao IDAE para a concesión da axuda (Expte. 2024067518, CSV: LABY6KUXF694C4RT), tampouco a súa potencia. Non obstante, cun número inferior de paneis pero de maior potencia, mantense en tódolos casos a potencia total da instalación (kWp) prevista para cada concello e, polo tanto, a potencia total da instalación de xeración sobre a que se concedeu a axuda. Así e todo, deberá tramitarse a modificación dos convenios de colaboración formalizados.

No que se refire ás actuacións proxectadas nos concellos de Vilanova de Arousa e de Pazos de Borbén, sinalar que a localización das instalacións (Nave municipal e almacén municipal respectivamente), se ben coincide coa prevista nos convenios de colaboración, non se corresponde coa recollida na memoria técnica remitida ao IDAE antes mencionada (Pavillón municipal e Centro Cultural Nespereira). Existe ao respecto informe emitido polo Servizo (CSV: 5UJWHVQFF28AB95H) no que se sinala que: “(...) no se altera de forma objetiva las condiciones técnicas (se mantiene tanto la potencia de la instalación de generación (kWp) como la capacidad de almacenamiento (kWh)), económicas (se mantiene tanto el módulo de ayuda de generación solicitado (€/kW) como el módulo de ayuda de almacenamiento solicitado (€(kWh)) o de plazo tenidos en cuenta para la concesión de la ayuda. (...) Los cambios de ubicación de las instalaciones dentro del mismo ayuntamiento, así como el resto de actualizaciones realizadas, no afectan a los de requisitos técnicos y administrativos exigidos por las bases reguladoras y la convocatoria”. Aclaran, asemade, que: “A vista do e-mail de resposta do IDAE, de data 03/12/2025, sobre o tratamento do cambio das instalacións dentro do mesmo concello, dada a súa entidade, entendemos que tan só é necesario a comunicación ou traslado de ditas modificacións ao IDAE con carácter previo á xustificación” (CSV: EQ717370ZE7A4WRI). Convén ter en conta, que na resposta do IDAE que se transcribe neste último informe indícase que “deberán solicitar la modificación del proyecto en la aplicación a través de la cual se tramitan las solicitudes para que, cuando vayan a justificar la ayuda concedida, dicha verificación se haga en función de los nuevos parámetros del proyecto”. Non costa dita solicitude de modificación.

Por outra banda, sinalar que na descrición da instalación no Concello de Vilanova de Arousa, detéctase a inclusión por erro dunha fotografía correspondente ao pavillón municipal e referencia á súa realización nese lugar, cando debe referirse á nave municipal de obras.



No que respecta aos permisos ou autorizacións sectoriais necesarios, advírtese da falta de concreción tanto no proxecto como no informe de supervisión. Non obstante, tal e como se sinala no informe do Servizo de Cooperación CSV: XFLYUW6YZHB6VQ3P, de conformidade coa cláusula sexta dos respectivos convenios de colaboración é obriga dos concellos "obter e manter en vigor os permisos, licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente". Á vista do anterior, a aprobación do proxecto quedará condicionada á obtención por parte dos concellos das autorizacións sectoriais necesarias, debendo terse en conta que, unha vez obtidas, de comprender condicionantes ou requirimentos que afecten ao proxecto deberá tramitarse a súa modificación. En calquera caso, non poderá aprobarse o correspondente expediente de contratación, salvo que exista unha razón xustificada que faga necesario continuar co procedemento, nin adxudicarse o contrato sen contar coas autorizacións precisas. Ao mesmo tempo, debe advertirse que no caso de que as autorizacións se obteñan con posterioridade á aprobación do expediente de contratación e dos pregos, e obriguen a unha modificación do proxecto, deberá desistirse do procedemento, tramitarse a modificación do proxecto e procederse a unha nova licitación.

En relación ás comunicacións previas realizadas, sinalar que conteñen erros no que se refire ao orzamento de execución material reflectido, previsión de inicio e finalización das obras e prazo de execución, non sendo o proxecto remitido aos concellos o presente proxecto."

Lote 2

"As instalacións fotovoltaicas incluídas no proxecto comprenden un número de paneis que non se axusta ao previsto nos respectivos convenios de colaboración e na memoria técnica remitida ao IDAE para a concesión da axuda (Expte. 2024067518, CSV: LGVQK9FVH6DCILBM), tampouco a súa potencia. Non obstante, cun número inferior de paneis pero de maior potencia, mantense en tódolos casos a potencia total da instalación (kWp) prevista para cada concello e, polo tanto, a potencia total da instalación de xeración sobre a que se concedeu a axuda. Así e todo, deberá tramitarse a modificación dos convenios de colaboración formalizados.

No que se refire á actuación proxectada no concello de Portas, sinalar que a localización da instalación (Pavillón municipal), se ben coincide coa prevista no convenio de colaboración, non se corresponde coa recollida na memoria técnica remitida ao IDAE antes mencionada (Campo de fútbol e Nave azucarera). As referencias catastrais dalgunhas instalacións tampouco coinciden. Existe ao respecto informe emitido polo Servizo (CSV: 5UJWHVQFF28AB95H) no que se sinala que: "(...) *no se altera de forma objetiva las condiciones técnicas (se mantiene tanto la potencia de la instalación de generación (kWp) como la capacidad de almacenamiento (kWh)), económicas (se mantiene tanto el módulo de ayuda de generación solicitado (€/kW) como el módulo de ayuda de almacenamiento solicitado (€/kWh)) o de plazo tenidos en cuenta para la concesión de la ayuda.*



(...) Los cambios de ubicación de las instalaciones dentro del mismo ayuntamiento, así como el resto de actualizaciones realizadas, no afectan a los de requisitos técnicos y administrativos exigidos por las bases reguladoras y la convocatoria'. Aclaran, asemade, que: "A vista do e-mail de resposta do IDAE, de data 03/12/2025, sobre o tratamento do cambio das instalacións dentro do mesmo concello, dada a súa entidade, entendemos que tan só é necesario a comunicación ou traslado de ditas modificacións ao IDAE con carácter previo á xustificación" (documento CSV: EQ717370ZE7A4WRI). Convén ter en conta que na resposta do IDAE que se transcribe neste último informe indícase que "deberán solicitar la modificación del proyecto en la aplicación a través de la cual se tramitan las solicitudes para que, cuando vayan a justificar la ayuda concedida, dicha verificación se haga en función de los nuevos parámetros del proyecto". Non costa dita solicitude de modificación.

Por outra banda, detéctanse erros no informe de simulación correspondente á actuación do Concello de Portas do anexo 04.1 "Producción Energética".

No que respecta aos permisos ou autorizacións sectoriais necesarios, advírtese da falta de concreción tanto no proxecto como no informe de supervisión. Non obstante, tal e como se sinala no informe do Servizo de Cooperación CSV: XFLYUW6YZHB6VQ3P, de conformidade coa cláusula sexta dos respectivos convenios de colaboración é obriga dos concellos *"obter e manter en vigor os permisos, licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requeridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente"*. Á vista do anterior, a aprobación do proxecto quedará condicionada á obtención por parte dos concellos das autorizacións sectoriais necesarias, debendo terse en conta que, unha vez obtidas, de comprender condicionantes ou requirimentos que afecten ao proxecto deberá tramitarse a súa modificación. En calquera caso, non poderá aprobarse o correspondente expediente de contratación, salvo que exista unha razón xustificada que faga necesario continuar co procedemento, nin adxudicarse o contrato sen contar coas autorizacións precisas. Ao mesmo tempo, debe advertirse que no caso de que as autorizacións se obteñan con posterioridade á aprobación do expediente de contratación e dos pregos, e obriguen a unha modificación do proxecto, deberá desistirse do procedemento, tramitarse a modificación do proxecto e procederse a unha nova licitación.

En relación ás comunicacións previas realizadas, sinalar que conteñen erros no que se refire ao orzamento de execución material reflectido, previsión de inicio e finalización das obras e prazo de execución, non sendo o proxecto remitido aos concellos o presente proxecto.

Lote 3

"As instalacións fotovoltaicas incluídas no proxecto comprenden un número de paneis que non se axusta ao previsto nos respectivos convenios de colaboración e na memoria técnica remitida ao IDAE para a concesión da axuda (Expte. 2024067518, CSV: LX6EG8O0A70O25M7), tampouco a súa



potencia. Non obstante, cun número inferior de paneis pero de maior potencia, mantense en tódolos casos a potencia total da instalación (kWp) prevista para cada concello e, polo tanto, a potencia total da instalación de xeración sobre a que se concede a axuda. Así e todo, deberá tramitarse a modificación dos convenios de colaboración formalizados.

A táboa do apartado 2 da memoria recolle para a instalación no Concello de Mondariz un número de paneis e potencia instalada erróneo.

Segundo o sinalado no informe do Servizo de Cooperación con CSV: 5UJWHVQFF28AB95H, no proxecto actualízanse as denominacións das edificacións nas que se localizan as instalacións correspondentes aos concellos de Mondariz Balneario e Bueu.

No que respecta aos permisos ou autorizacións sectoriais necesarios, advírtese da falta de concreción tanto no proxecto como no informe de supervisión. Non obstante, tal e como se sinala no informe do Servizo de Cooperación CSV: XFLYUW6YZHB6VQ3P, de conformidade coa cláusula sexta dos respectivos convenios de colaboración é obriga dos concellos *"obter e manter en vigor os permisos, licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requeridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente"*. Á vista do anterior, a aprobación do proxecto quedará condicionada á obtención por parte dos concellos das autorizacións sectoriais necesarias, debendo terse en conta que, unha vez obtidas, de comprender condicionantes ou requirimentos que afecten ao proxecto deberá tramitarse a súa modificación. En calquera caso, non poderá aprobarse o correspondente expediente de contratación, salvo que exista unha razón xustificada que faga necesario continuar co procedemento, nin adxudicarse o contrato sen contar coas autorizacións precisas. Ao mesmo tempo, debe advertirse que no caso de que as autorizacións se obteñan con posterioridade á aprobación do expediente de contratación e dos pregos, e obriguen a unha modificación do proxecto, deberá desistirse do procedemento, tramitarse a modificación do proxecto e procederse a unha nova licitación.

En relación ás comunicacións previas realizadas, sinalar que conteñen erros no que se refire ao orzamento de execución material reflectido, previsión de inicio e finalización das obras e prazo de execución, non sendo o proxecto remitido aos concellos o presente proxecto.

Lote 4

As instalacións fotovoltaicas incluídas no proxecto comprenden un número de paneis que non se axusta ao previsto nos respectivos convenios de colaboración e na memoria técnica remitida ao IDAE para a concesión da axuda (Expte. 2024068090, CSV: LM82B9C8YE0ZUGQP), tampouco a súa potencia. Non obstante, cun número inferior de paneis pero de maior potencia, mantense en tódolos casos a potencia total da instalación (kWp) prevista para cada concello e, polo tanto, a potencia



total da instalación de xeración sobre a que se concedeu a axuda. Así e todo, deberá tramitarse a modificación dos convenios de colaboración formalizados.

No que respecta aos permisos ou autorizacións sectoriais necesarios, advírtese da falta de concreción tanto no proxecto como no informe de supervisión. Non obstante, tal e como se sinala no informe do Servizo de Cooperación CSV: XFLYUW6YZHB6VQ3P, de conformidade *coa cláusula sexta dos respectivos convenios de colaboración é obriga dos concellos "obter e manter en vigor os permisos, licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requeridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente". Á vista do anterior, a aprobación do proxecto quedará condicionada á obtención por parte dos concellos das autorizacións sectoriais necesarias, debendo terse en conta que, unha vez obtidas, de comprender condicionantes ou requirimentos que afecten ao proxecto deberá tramitarse a súa modificación. En calquera caso, non poderá aprobarse o correspondente expediente de contratación, salvo que exista unha razón xustificada que faga necesario continuar co procedemento, nin adxudicarse o contrato sen contar coas autorizacións precisas. Ao mesmo tempo, debe advertirse que no caso de que as autorizacións se obteñan con posterioridade á aprobación do expediente de contratación e dos pregos, e obríguen a unha modificación do proxecto, deberá desistirse do procedemento, tramitarse a modificación do proxecto e procederse a unha nova licitación.*

En relación ás comunicacións previas realizadas, sinalar que conteñen erros no que se refire ao orzamento de execución material reflectido, previsión de inicio e finalización das obras e prazo de execución, non sendo o proxecto remitido aos concellos o presente proxecto."

Lote 5

As instalacións fotovoltaicas incluídas no proxecto comprenden un número de paneis que non se axusta ao previsto nos respectivos convenios de colaboración e na memoria técnica remitida ao IDAE para a concesión da axuda (Expte. 2024068090, CSV: LRLL2K4277WGXNIE), tampouco a súa potencia. Non obstante, cun número inferior de paneis pero de maior potencia, mantense en tódolos casos a potencia total da instalación (kWp) prevista para cada concello e, polo tanto, a potencia total da instalación de xeración sobre a que se concedeu a axuda. Así e todo, deberá tramitarse a modificación dos convenios de colaboración formalizados.

No que se refire ás actuacións proxectadas nos concellos de Cambados e de Moaña, sinalar que a localización das instalacións, se ben coincide coa prevista nos convenios de colaboración, non se corresponde coa recollida na memoria técnica remitida ao IDAE antes mencionada. Existe ao respecto informe emitido polo Servizo (CSV: 5UJWHVQFF28AB95H) no que se sinala que: "(...) no se altera de forma objetiva las condiciones técnicas (se mantiene tanto la potencia de la instalación de generación (kWp) como la capacidad de almacenamiento (kWh)), económicas (se mantiene



tanto el módulo de ayuda de generación solicitado (€/kW) como el módulo de ayuda de almacenamiento solicitado (€/kWh)) o de plazo tenidos en cuenta para la concesión de la ayuda. (...) Los cambios de ubicación de las instalaciones dentro del mismo ayuntamiento, así como el resto de actualizaciones realizadas, no afectan a los requisitos técnicos y administrativos exigidos por las bases reguladoras y la convocatoria". Aclaran, asemade, que: "A vista do e-mail de resposta do IDAE, de data 03/12/2025, sobre o tratamento do cambio das instalacións dentro do mesmo concello, dada a súa entidade, entendemos que tan só é necesario a comunicación ou traslado de ditas modificacións ao IDAE con carácter previo á xustificación" (CSV: EQ7I7370ZE7A4WRI). Convén ter en conta, que na resposta do IDAE que se transcribe neste último informe indícase que "deberán solicitar la modificación del proyecto en la aplicación a través de la cual se tramitan las solicitudes para que, cuando vayan a justificar la ayuda concedida, dicha verificación se haga en función de los nuevos parámetros del proyecto". Non costa dita solicitude de modificación.

Segundo o sinalado no informe do Servizo de Cooperación con CSV: 5UJWHVQFF28AB95H, no proxecto actualízanse as denominacións e/ou referencias catastrais das edificacións nas que se localizan as instalacións correspondentes ao resto dos concellos.

No que respecta aos permisos ou autorizacións sectoriais necesarios, advírtese da falta de concreción tanto no proxecto como no informe de supervisión. Non obstante, tal e como se sinala no informe do Servizo de Cooperación CSV: XFLYUW6YZHB6VQ3P, de conformidade coa cláusula sexta dos respectivos convenios de colaboración é obriga dos concellos "obter e manter en vigor os permisos, licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente". Á vista do anterior, a aprobación do proxecto quedará condicionada á obtención por parte dos concellos das autorizacións sectoriais necesarias, debendo terse en conta que, unha vez obtidas, de comprender condicionantes ou requirimentos que afecten ao proxecto deberá tramitarse a súa modificación. En calquera caso, non poderá aprobarse o correspondente expediente de contratación, salvo que exista unha razón xustificada que faga necesario continuar co procedemento, nin adxudicarse o contrato sen contar coas autorizacións precisas. Ao mesmo tempo, debe advertirse que no caso de que as autorizacións se obteñan con posterioridade á aprobación do expediente de contratación e dos pregos, e obriguen a unha modificación do proxecto, deberá desistirse do procedemento, tramitarse a modificación do proxecto e procederse a unha nova licitación.

En relación ás comunicacións previas realizadas, sinalar que conteñen erros no que se refire ao orzamento de execución material reflectido, previsión de inicio e finalización das obras e prazo de execución, non sendo o proxecto remitido aos concellos o presente proxecto.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos correspondentes as obras instalación e posta en funcionamento de varias instalacións de enerxía solar fotovoltaica con almacenamento para autoconsumo, correspondentes aos expedientes de axuda con número PR-RENOINN2024-000360, PR-RENOINN2024-000362, PR-RENOINN2024-000364, PR-RENOINN2024-000142 E PR-RENOINN2024-000245, ao amparo da primeira convocatoria do Programa de Incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías renovables innovadoras) impulsada polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU:

LOTE	EXPEDIENTE	NOME DO PROXECTO	Código CSV Proxecto
LOTE 1	PR-RENOINN-2024-000360	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES I	WWE2JGZ8NMLYWDHO
LOTE 2	PR-RENOINN-2024-000362	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES II	61NDVZG0B7LXQGZ8
LOTE 3	PR-RENOINN-2024-000364	CONCELLOS RETO DEMOGRAFICO +RENOVABLES III	2B1MJRMDG8ERNY2U
LOTE 4	PR-RENOINN-2024-000142	CONCELLOS +RENOVABLES I	FHXJZM47K5EE8H1X
LOTE 5	PR-RENOINN-2024-000245	CONCELLOS +RENOVABLES II	2825TNQ2M1FEF8ZJ

A aprobación dos proxectos quedará condicionada á obtención por parte dos concellos das autorizacións sectoriais necesarias, debendo terse en conta que, unha vez obtidas, de comprender condicionantes ou requirimentos que afecten ao proxecto deberá tramitarse a súa modificación.



29.37454.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN PARCIAL DO SISTEMA DE AIRE ACONDICIONADO DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS PRINCIPAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2025070768)

Por acordo da Xunta de goberno na súa sesión ordinaria de data 13 de marzo de 2026 adxudícase mediante procedemento aberto simplificado o contrato de Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra, á empresa ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. (B-15123177), de acordo co seguinte prezo:

Importe sen IVE	99.600,00€
21% de IVE	20.916,00€
Importe total IVE engadido	120.516,00€

O prazo de subministración e instalación é de tres meses a contar desde a data de formalización. O contrato formalizouse en data 16 de abril de 2026.

Con data 13 de xullo de 2026 pola Xefa do Servizo de Novas tecnoloxías emítese informe solicitando a suspensión do inicio da execución do contrato de acordo co seguinte: *“O contrato reside na subministración de 2 equipos de refrixeración (tanto das unidades interiores coma exteriores) a subministración da tubaxe e cableado necesario así como a retirada das unidades obsoletas e a posta en marcha integral do sistema.*

Ponse de manifesto a imposibilidade material de dar inicio aos traballos na data prevista inicialmente no contrato para tal fin. Dita circunstancia obedece a que a instalación dos novos equipos de aire acondicionado requiren, con carácter previo, a realización dunhas obras previas de adecuación estrutural no recinto dedicado aos equipos externos. Estas actuacións previas serán executadas polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, conforme ás súas competencias e aos prazos de planificación interna. En consecuencia, mentres non se finalicen ditos traballos preparatorios, o espazo físico onde deben aloxarse os novos sistemas non reúne as condicións técnicas mínimas necesarias. Polo tanto, a execución dos traballos contemplados para o contrato queda condicionada á conclusión efectiva das obras a levar a cabo polo Servizo de Arquitectura, momento a partir do cal se poderá reprogramar o cronograma de actuacións.”



Con data 13 de xullo o representante da empresa Electrónica Noroeste S.L. e a xefa de servizo de Novas tecnoloxías, asinan a acta de suspensión do inicio do contrato, polos motivos antes expostos, e no que a empresa renuncia á indemnización polo período que dure a suspensión do mesmo.

Considerando que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *"...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta"*.

Considerando que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *"se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel"*.

Considerando que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *"1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...)"*.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión do inicio da execución do contrato de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal (CPDP) da Deputación de Pontevedra, desde o día da sinatura da acta de suspensión 13 de xullo de 2026, ata conclusión efectiva das obras a levar a cabo polo servizo de arquitectura, momento a partir do cal se poderá reprogramar o cronograma de actuacións e asinar a correspondente acta de reinicio do contrato.



30.37455.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTE. (Expte. 2026055209)

Vista a relación de operacións con número 2026055209 (CSV: G7G0F5N92T0QH40), que contén 1 operación por un importe de 1.008,27 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.008,27 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	1.008,27 €

31.37456.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2026055211, 2026054900, 2026057024)

a) Vista a relación de operacións con número 2026055211 (CSV: GRFF69SBHQLBKW3X) que contén 4 operacións por un importe de 516,17 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	516,17 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	516,17 €



b) Vista a relación de operacións con número 2026054900 (CSV: HOT6S0ICTK0DXROX) que contén 10 operacións por un importe de 12.386,47 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	12.458,67 €
IVE soportable deducible	22,80 €
Retencións	95,00 €
Total líquido.....	12.386,47 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026057024 (CSV: 64MNZ86CWF18MIIZ) que contén 5 operacións por un importe de 67.550,77 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	67.550,77 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	00,00 €
Total líquido.....	67.550,77 €

32.37457.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA CERTIFICACIÓN Nº 9 DA OBRA DE CONSERVACIÓN DA CASA DE COMBARRO (Expte.2026050384)

Con data 19/04/2023 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan o convenio de colaboración da cesión gratuíta do inmovble “casa de Combarro”, situado na rúa San Roque 59, para ser destinado a centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e, por tanto, ao desenvolvemento local do territorio. Dito convenio tiña unha duración de dous (2) anos, podendo acordar os asinantes unanimemente a súa prórroga por un período de ata dous (2) anos adicionais.



A edificación atópase nun estado de conservación normal, aínda que se considera necesario realizar obras de conservación e mantemento para a mellora da eficiencia enerxética e funcional. Dado que entre as obrigas da Deputación de Pontevedra se atopa a execución das obras necesarias para o acondicionamento da edificación, solicítase a redacción do proxecto de Conservación da “Casa de Combarro” ao arquitecto D. José Manuel Fernández Barreira que, con data xullo de 2023, asina o proxecto cun importe de orzamento base de licitación que ascende a 116.100,78 €, IVE incluído.

Con data 03/10/2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Poio aproba o proxecto de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 24/11/2023, mediante Resolución Presidencial número 2023008861, apróbase o proxecto para a execución da obra de dito proxecto.

Con data 17/01/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024000371, apróbase o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado das obras de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 12/03/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024002060, adxudícase á empresa REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L. (B70045497) as obras de Conservación da “Casa de Combarro”, por importe de 111.260,78 €, IVE incluído, e un período de catro (4) meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Con data 22/04/2024 asínase a acta de comprobación de replanteo.
Coa mesma data asínase o acta de paralización da obra con motivo da necesidade de trasladar á asociación que utilizaba o inmovible.

En maio de 2024, antes do inicio das obras, realízanse os traballos de inspección necesarios para dar cumprimento ao establecido na aprobación do proxecto acordada pola Xunta de Goberno Local (na sesión con data 03/10/2023) e, como resultado destes traballos, constátase a presenza de pranchas de fibrocemento que conteñen fibras de amianto. Por esta razón deben modificarse os traballos de demolición previstos para o cumprimento das disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, de acordo ao Real decreto 396/2006, de 31 de marzo.

Con data 09/09/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024007134, autorízase a redacción do proxecto modificado da obra Conservación da “Casa de Combarro”.



Con data 26/02/2025, mediante Resolución Presidencial número 2025001363, apróbase o proxecto modificado da obra, cun importe de 138.138,04 €, IVE incluído, modificar o contrato das obras, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, nun importe de 132.379,35 €, e ampliar o prazo de execución en dous (2) meses.

Con data 28/04/2025 asínase a acta de reinicio das obras.

Con data 19 de abril de 2025 produciuse o vencemento do convenio sen que fose posible rematar a obra de conservación da Casa de Combarro comprometida pola Deputación dentro do prazo de vixencia do convenio, debido a continxencias sobrevidas que produciron diferentes problemas e retrasos na súa execución.

Con data 20 de novembro de 2025 a xefa de servizo de Arquitectura emite informe no que pon de manifesto as circunstancias que motivaron o retraso na execución de dita obra e a necesidade de subscribir un novo convenio co concello de Poio que proporcione cobertura xurídica para finalizar pola Deputación as obras pendentes no inmovible comprometidas no anterior convenio vencido.

O Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación a través de providencia de data 21 de novembro de 2025 dispón iniciar expediente para a tramitación dun novo convenio de colaboración co concello de Poio para a continuación das obras de conservación do inmovible Casa de Combarro, iniciadas ao abeiro do convenio anterior.

Con data 24/04/2026, mediante Resolución Presidencial número 2026003226, resólvese aprobar o convenio de colaboración entre Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Poio para finalizar as obras de conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 08/06/2026 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan convenio de colaboración para finalizar as obras de conservación da “casa de Combarro”. O devandito convenio terá unha duración de dous (2) anos e poderá prorrogarse por un ano (1) adicional.

Con data 15/06/2025, a dirección facultativa e o representante da empresa Revcom Energías Renovables, S.L., asinan a certificación nº 9, relativa ás obras executadas durante o período comprendido entre 01/04/2026 e o 30/04/2026, que ascende á cantidade de 5.751,40 €.



Con data 09/07/2026 a Intervención recolle no seu informe de fiscalización da certificación nº 9 “[...] *A pesar de que se asinou un novo convenio con data 08/06/2026, na data que comprende esta certificación, o convenio anterior estaba caducado [...]*”.

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Revcom Energías Renovables, S.L. (B70045497)	26/457.4500.632.03.2022	
	SUBTOTAL	5.751,40 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	159,77 €
Control de calidade (3% PEM Lic)	Id.	125,04 €
Total descontos	Id.	284,81 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR.....		5.466,59 €

33.37458.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA CERTIFICACIÓN Nº 10 DA OBRA DE CONSERVACIÓN DA CASA DE COMBARRO (Expte. 2026050535)

Con data 19/04/2023 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan o convenio de colaboración da cesión gratuíta do inmovible “casa de Combarro”, situado na rúa San Roque 59, para ser destinado a centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e, por tanto, ao desenvolvemento local do territorio. Dito convenio tiña unha duración de dous (2) anos, podendo acordar os asinantes unanimemente a súa prórroga por un período de ata dous (2) anos adicionais.



A edificación atópase nun estado de conservación normal, aínda que se considera necesario realizar obras de conservación e mantemento para a mellora da eficiencia enerxética e funcional. Dado que entre as obrigas da Deputación de Pontevedra se atopa a execución das obras necesarias para o acondicionamento da edificación, solicítase a redacción do proxecto de Conservación da “Casa de Combarro” ao arquitecto D. José Manuel Fernández Barreira que, con data xullo de 2023, asina o proxecto cun importe de orzamento base de licitación que ascende a 116.100,78 €, IVE incluído.

Con data 03/10/2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Poio aproba o proxecto de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 24/11/2023, mediante Resolución Presidencial número 2023008861, apróbase o proxecto para a execución da obra de dito proxecto.

Con data 17/01/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024000371, apróbase o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado das obras de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 12/03/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024002060, adxudícase á empresa REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L. (B70045497) as obras de Conservación da “Casa de Combarro”, por importe de 111.260,78 €, IVE incluído, e un período de catro (4) meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Con data 22/04/2024 asínase o acta de comprobación de replanteo.

Coa mesma data asínase o acta de paralización da obra con motivo da necesidade de trasladar á asociación que utilizaba o inmovible.

En maio de 2024, antes do inicio das obras, realízanse os traballos de inspección necesarios para dar cumprimento ao establecido na aprobación do proxecto acordada pola Xunta de Goberno Local (na sesión con data 03/10/2023) e, como resultado destes traballos, constátase a presenza de pranchas de fibrocemento que conteñen fibras de amianto. Por esta razón deben modificarse os traballos de demolición previstos para o cumprimento das disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, de acordo ao Real decreto 396/2006, de 31 de marzo.

Con data 09/09/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024007134, autorízase a redacción do proxecto modificado da obra Conservación da “Casa de Combarro”.



Con data 26/02/2025, mediante Resolución Presidencial número 2025001363, apróbase o proxecto modificado da obra, cun importe de 138.138,04 €, IVE incluído, modificar o contrato das obras, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, nun importe de 132.379,35 €, e ampliar o prazo de execución en dous (2) meses.

Con data 28/04/2025 asínase a acta de reinicio das obras.

Con data 19 de abril de 2025 produciuse o vencemento do convenio sen que fose posible rematar a obra de conservación da Casa de Combarro comprometida pola Deputación dentro do prazo de vixencia do convenio, debido a continxencias sobrevidas que produciron diferentes problemas e retrasos na súa execución.

Con data 20 de novembro de 2025 a xefa de servizo de Arquitectura emite informe no que pon de manifesto as circunstancias que motivaron o retraso na execución de dita obra e a necesidade de subscribir un novo convenio co concello de Poio que proporcione cobertura xurídica para finalizar pola Deputación as obras pendentes no inmovible comprometidas no anterior convenio vencido.

O Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación a través de providencia de data 21 de novembro de 2025 dispón iniciar expediente para a tramitación dun novo convenio de colaboración co concello de Poio para a continuación das obras de conservación do inmovible Casa de Combarro, iniciadas ao abeiro do convenio anterior.

Con data 24/04/2026, mediante Resolución Presidencial número 2026003226, resólvese aprobar o convenio de colaboración entre Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Poio para finalizar as obras de conservación da "Casa de Combarro".

Con data 08/06/2026 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan convenio de colaboración para finalizar as obras de conservación da "casa de Combarro". O devandito convenio terá unha duración de dous (2) anos e poderá prorrogarse por un ano (1) adicional.

Con data 15/06/2025, a dirección facultativa e o representante da empresa Revcom Energías Renovables, S.L., asinan a certificación nº 10, relativa ás obras executadas durante o período comprendido entre 01/05/2026 e o 31/05/2026, que ascende á cantidade de 28.922,53 €.



Con data 10/07/2026 a Intervención recolle no seu informe de fiscalización da certificación nº 10 “[...] *A pesar de que se asinou un novo convenio con data 08/06/2026, na data que comprende esta certificación, o convenio anterior estaba caducado* [...]”.

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Revcom Energías Renovables, S.L. (B70045497)	26/457.4500.632.03.2022	
	SUBTOTAL	28.922,53 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	803,46 €
Control de calidade (3% PEM Lic)	Id.	628,81 €
Total descontos	Id.	1.432,27 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		27.490,26 €

34.37459.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR “A CASA DAS REDES S. COOP. GALEGA (CIF: F75415836)” CONTRA O ACORDO 3.37282 DA XUNTA DE GOBERNO.
(Expte.2026006350)

A CASA DAS REDES S.COOP. GALEGA solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Ondas Rodantes”, ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2026, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 11, de 19 de xaneiro de 2026.



A Xunta de Goberno, na súa sesión do 19 de xuño de 2026, acordou desestimar a solicitude presentada. Esta desestimación prodúcese en base ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria, xa que a entidade non se atopa inscrita na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) na data final de presentación de solicitudes. A inscrición na área de Igualdade do RUEPSS é requisito necesario e imprescindible para a concesión desta subvención, tal como se establece na base cuarta das bases reguladoras da convocatoria.

Dende o Servizo de Igualdade realizouse notificación do acordo 3.37282 de Xunta de Goberno de 19 de xuño de 2026 con data 25/06/2026 (NOT/2026017277), en cumprimento do establecido no artigo 41.1 da LPACAP. Esta notificación ten acuse de recibo con data 25/06/2026.

Esta entidade, con data de 25 de xuño do 2026 e número de rexistro WEB2026052851 presenta no Rexistro, recurso de reposición contra o acordo 3.37282 da Xunta de Goberno de 19 de xuño de 2026.

A entidade comunica a este organismo provincial que a pesar de ter solicitado a inscrición na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na data final de presentación de solicitudes, non foi inscrita na área de igualdade dentro do mesmo, por tanto incumpe a base cuarta das bases reguladoras da convocatoria.

Con data 08/07/2026 (CSV: 8VWYUO0P2AJAZK2B) o Servizo de Igualdade emite informe sinalando que a entidade, na alegación presentada, non demostra atoparse inscrita na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) na data final de presentación de solicitudes, e por tanto propón a desestimación do recurso interposto pola entidade.

Con data 10/07/2026 (CSV: UN60XCAD3APHF2ZL) o Servizo de Intervención emite dilixencia de conformidade do antedito informe da Xefa de Servizo de Igualdade.

Considerando que é a Xunta de Goberno o órgano competente para a resolución do recurso, por ser o órgano que ditou o acto impugnado consonte ao establecido no artigo 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto por A Casa das Redes S. Coop. Galega con CIF F75415836 contra o acordo 3.37282 da Xunta de Goberno de 19 de xuño de 2026 mediante o que se desestima a solicitude presentada no marco da convocatoria para Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2026.



35.37460.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PLAN DE EQUIPAMENTOS PRODEPORTE PARA O ANO 2026 (PLAN PRODEPORTE 2026).
(Expte.2026054652)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda en data 08/07/2026 da inicio o expediente para a tramitación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para os gastos derivados de investimentos realizados polas entidades deportivas no ano 2026.

Terceiro.- En data 10/07/2026 o servizo de Deportes emite memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 15/07/2026 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva. A selección das entidades beneficiarias e a determinación do importe seguirán os pasos establecidos nas bases.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.



Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A concesión da subvención estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.789.01 do Orzamento da Deputación correspondente ao ano 2026, por un importe total de un millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €).

Co obxectivo de atender as necesidades específicas dos distintos ámbitos do tecido deportivo provincial, establécese unha distribución diferenciada do crédito dispoñible entre os ámbitos de actuación cos seguintes límites:

- Execución de obras: un máximo de quince mil euros (15.000,00 €) e un mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €) por entidade beneficiaria.
- Adquisición de equipamentos: un máximo de cinco mil euros (5.000,00 €) e un mínimo de mil euros (1.000,00 €) por entidade beneficiaria.
- Se se trata de solicitudes que combinen actuacións subvencionables de ambas as tipoloxías, en todo caso o importe máximo subvencionable non poderá exceder os quince mil euros (15.000,00 €), respectando os límites máximos sinalados nos puntos anteriores.

unicamente se concederá unha axuda por entidade. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que non acaden un orzamento igual ao importe mínimo subvencionable.

Esta cantidade poderase ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS). O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo dun millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €) adicionais e quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras de subvencións do Plan de Equipamentos Prodeporte para o ano 2026 (PLAN PRODEPORTE) para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para sufragar gastos derivados de investimentos realizados polas entidades deportivas da provincia de Pontevedra directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2026, co seguinte teor literal:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PLAN DE EQUIPAMENTOS PRODEPORTE PARA O ANO 2026 (PLAN PRODEPORTE 2026)”

ANTECEDENTES

A práctica do deporte considérase esencial na sociedade moderna, non só pola importancia da actividade física e a súa influencia en hábitos de vida saudable, senón porque tamén é un magnífico vehículo para promover valores esenciais coma a participación, a cooperación, a competitividade, a inclusividade ou unha maior relevancia do papel da muller.

Tal e como recoñece a Organización Mundial da Saúde, é necesaria a intervención das administracións públicas na promoción da práctica deportiva para fomentar na cidadanía hábitos de vida saudable, así como facilitar a práctica habitual de actividade físico-deportiva de calidade, de maneira que esta incida favorablemente na saúde e na calidade de vida das persoas. Este tamén é o mandato recollido no artigo 43.3 da Constitución española: “Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a adecuada utilización do lecer”.

Así, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á concesión de axudas económicas orientadas non só a organizar e desenvolver actividades deportivas, senón tamén para realizar investimentos e adquirir equipamentos destinados a mellorar as infraestruturas e os medios materiais dos clubs deportivos da provincia, coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento da súa actividade e á consecución dos seus obxectivos.

O nivel de práctica e o interese que suscita a actividade física e deportiva na provincia de Pontevedra móstrase como un elemento máis da nosa propia identidade. O grao de desenvolvemento dos equipamentos e das instalacións deportivas no noso territorio é un factor que contribúe decisivamente aos hábitos de comportamento activo da poboación. Dispoñer de equipamentos e espazos próximos para a actividade física constitúe un indicador que inflúe nos niveis de actividade da poboación, pero, máis aló da propia práctica deportiva, incide tamén en aspectos transversais de primeira orde para a nosa sociedade, como a saúde, a educación, a



convivencia, a igualdade ou a economía. Arredor da promoción e xestión do deporte que se realiza destes equipamentos hai un impacto considerable nestes sectores.

A nivel competencial, no artigo 7 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen entre as súas competencias fomentar, promover e difundir o deporte na provincia; en relación co cal a Deputación de Pontevedra ten previsto na súa planificación mellorar os equipamentos deportivos e os medios materiais dos clubs da provincia. Ademais, desde esta Administración débese facilitar a práctica deportiva, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer. Nesta liña, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, este e a actividade física considéranse esenciais, e todas as persoas teñen dereito á práctica deportiva. Así mesmo, na normativa vixente recoñécese a relevancia dos clubs deportivos como entidades fundamentais para impulsala e promovela no territorio.

Por outro lado, a ampla presenza de clubs deportivos na provincia de Pontevedra pon de manifesto o seu papel esencial como estrutura organizativa da mencionada actividade, canalizando a práctica regular, a competición e o desenvolvemento das distintas disciplinas. Estas entidades desempeñan un papel crucial en múltiples ámbitos da actividade social, desde promover e desenvolver hábitos de vida saudables, mellorar a calidade da saúde pública en xeral ata fomentar valores positivos para o desenvolvemento integral individual e colectivo do ser humano ou crear emprego, entre outros. A presenza activa destas entidades contribúe a consolidar un estilo de vida saudable, que favorece a convivencia en sociedade.

A actividade de fomento está amparada tanto constitucional coma legalmente, xa que as leis permiten o outorgamento de axudas e subvencións polas administracións públicas para apoiar este tipo de iniciativas. A este respecto, está plenamente recoñecida e regulada no ordenamento xurídico español, co fundamento principal na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a posibilidade de que estas concedan subvencións para desenvolver actividades de interese público, entre as que se atopa a promoción e o fomento da actividade deportiva. Polo tanto, debido á forte presenza de entidades deportivas na provincia e a necesidade de reforzar as accións de impulso neste ámbito, xa que se constata unha gran demanda de investimentos por parte das entidades, a Deputación pretende poñer en marcha para 2026 esta nova liña de actuación, que busca ser unha ferramenta para fomentar a cohesión territorial na prestación de servizos e no impulso dos bos hábitos de vida, cun enfoque centrado nas entidades deportivas e nos espazos que normalmente son máis vulnerables á desigualdade territorial. O obxectivo é destacar a necesidade de vertebrar o territorio e xerar sinerxías positivas, especialmente nas zonas rurais, coa implicación da veciñanza na construción do seu propio modelo de vida, baseado en calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.



A Deputación de Pontevedra actúa como un motor de solidariedade e cohesión territorial, e busca dinamizar as actividades de interese xeral, como son especificamente as relacionadas co deporte, para beneficiar a colectividade e mellorar a calidade de vida das persoas que viven nas zonas onde se desenvolven. O apoio aos clubs contribúe a consolidar a práctica deportiva na provincia, garantindo a continuidade da súa actividade e a organización de programas e competicións ao longo da tempada. A través da súa acción, facilítase o acceso ao deporte en diferentes ámbitos e disciplinas, o que favorece unha oferta deportiva estruturada, diversa e adaptada á realidade do territorio.

Con este propósito, a institución provincial asume a responsabilidade de lles dar resposta ás necesidades de investimentos das entidades deportivas da provincia, ao activar unha nova liña de axudas a través do Plan ProDeporte 2026, para o cal a Deputación establece estas bases reguladoras da convocatoria pola que se rexen as solicitudes de subvención a entidades deportivas da provincia de Pontevedra para 2026, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

BASES

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto e finalidade

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a convocatoria e a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, no marco do Plan ProDeporte para o ano 2026, co obxecto de sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas entidades deportivas da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos para ser beneficiarias.

1.2 A finalidade das axudas é contribuír a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo deportivo, a práctica do deporte e a cohesión social, mediante a realización de investimentos que contribúan a mellorar as condicións para a práctica deportiva nos clubs.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido no artigo 5 da LXS e 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as axudas que se arbitren a favor das entidades beneficiarias no marco desta liña de axudas terán o carácter de subvencións.



Terceira. Entidades beneficiarias

3.1 Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os clubs deportivos sen ánimo de lucro con domicilio social na provincia de Pontevedra, legalmente constituídos e debidamente inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que participen en competicións oficiais propias da súa disciplina deportiva ou contén con licenzas federativas de deportistas que participen en competicións oficiais de carácter individual.

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria:

- *Federacións.*
- *Entidades que realicen actividades que poidan implicar algún tipo de maltrato aos animais.*
- *Centros educativos públicos ou privados, incluídos colexios, institutos, centros de formación profesional, universidades e calquera outra entidade cuxa actividade principal sexa a educativa, aínda que desenvolvan actividades deportivas complementarias.*
- *Entidades cuxa actividade principal ou estatutaria sexa a xestión de terreos cinexéticos (tecores) ou a actividade cinexética.*

3.2 Para obter a condición de beneficiarias, as entidades deberán cumprir, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- *O estipulado no artigo 13 da LXS.*
- *Estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e a Deputación de Pontevedra. O cumprimento deste requisito deberá estar referido no momento do fin do prazo de presentación de solicitudes.*
- *No caso de execución de obras:*
 - *Cando se trate de actuacións en instalacións deportivas xa existentes, deberán ter a instalación na que se van realizar as actuacións inscrita no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.*
 - *Ter a titularidade ou o dereito de uso sobre os terreos ou inmobles nos que se vaia realizar o obxecto subvencionable, sitos na provincia de Pontevedra, cunha duración mínima de cinco (5) anos, contados desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. Nos supostos de cesión do uso, unicamente se admitirán como subvencionables cando os bens sexan de titularidade do sector público, doutras entidades sen ánimo de lucro ou de comunidades de montes veciñais en man común. Non se admitirán cesións realizadas por federacións deportivas ou por calquera outra federación, nin por centros educativos públicos ou privados, incluídos colexios, institutos,*



centros de formación profesional, escolas de ensinanzas especiais, universidades ou calquera outra entidade cuxa actividade principal sexa a educativa ou formativa. Tampouco se admitirán contratos de aluguer nin cesións, onerosas ou gratuítas, procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas de carácter privado. Quedan expresamente excluídas as cesións de uso ou disposición que teñan por obxecto bens de dominio e uso público, tales como vías públicas, camiños, rúas, prazas, parques, xardíns, zonas verdes, espazos libres ou calquera outro ben integrante do dominio público, por non seren legalmente susceptibles de cesión, de conformidade coa súa natureza. No caso de que se acredite ter a titularidade ou o dereito de uso cunha duración inferior, deberase achegar o compromiso de obter, antes do remate do prazo de xustificación, a prórroga polo período necesario ata completar o mínimo esixido. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerárase causa de perda da subvención.

No caso de execución de obras de instalacións situadas en dominio público portuario, cando non sexa posible obter a concesión antes de finalizar o prazo de xustificación, admitirase excepcionalmente a acreditación do dereito de uso mediante a presentación da seguinte documentación:

- *Solicitud de concesión de uso.*
- *Autorización expresa da autoridade portuaria para executar a actuación subvencionada.*
- *Acreditación da utilización efectiva, continuada e pacífica da instalación pola entidade solicitante, sempre que se garanta o destino do investimento por un prazo mínimo de cinco anos. Cando a autorización só poida outorgarse por un prazo de catro anos, deberase presentar un compromiso de solicitar a súa renovación coa antelación suficiente para garantir a continuidade do dereito de uso. Deberáselle dar conta á Deputación da presentación desta solicitude ou, no seu caso, achegar directamente a solicitude de renovación. Se finalmente non se obtivese a renovación e non puidese manterse o destino do investimento durante o prazo mínimo esixido, procederase ao reintegro proporcional da subvención concedida.*
- *Declaración de aceptación do reintegro proporcional da subvención en caso de que o uso do dominio público finalice antes de transcorrer o prazo mínimo de cinco anos.*



Cuarta. Actuacións subvencionables

4.1 Serán subvencionables os gastos derivados de investimentos, todos eles orientados a cumprir os fins das entidades solicitantes e ao seu funcionamento ordinario, cuxa execución se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2026 ata o fin do prazo de execución regulado nestas bases, e sempre que estean destinados a algunha das seguintes intervencións:

a) EXECUCIÓN DE OBRAS

Gastos derivados de investimentos en inmobles ou terreos de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título válido en dereito cunha duración mínima de cinco (5) anos, de conformidade co disposto na base terceira, contados desde a finalización do prazo para presentar solicitudes ao abeiro desta convocatoria, consistentes no seguinte:

- Obras de mellora das infraestruturas, instalacións, equipamentos ou espazos en que a entidade desenvolva a súa actividade.*
- Obras de novas infraestruturas, instalacións, equipamentos e espazos que se vaian destinar a cumprir os fins da entidade.*
- Tamén serán subvencionables os gastos derivados do pagamento de taxas, ata o límite de seiscientos (600,00 €) euros, para a obtención das preceptivas autorizacións, licenzas, declaracións responsables ou permisos.*
- Os gastos notariais e rexistrais, así como os de redacción da memoria ou proxecto, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables para a adecuada preparación ou para a súa execución.*

En calquera caso, só serán subvencionables as actuacións operativas, é dicir, aqueles investimentos que conteñan os elementos necesarios para acadar a finalidade para a cal foron deseñadas.

Todos os gastos deberán corresponderse con investimentos realizados dentro do prazo de execución establecido nestas bases.

b) ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS

Gastos derivados da adquisición de bens inventariables cun valor unitario igual ou superior a cincocentos euros (500,00 €), IVE incluído, e que resulten necesarios para o funcionamento da entidade solicitante, consistentes no seguinte:

- Adquisición de equipamento deportivo directamente relacionado coa práctica do deporte, tanto en competicións coma en adestramentos, sempre que teña carácter inventariable.*
- Adquisición doutro equipamento non deportivo, tamén de carácter inventariable, necesario para o funcionamento e desenvolvemento das actividades da entidade.*



Para os efectos destas bases, entenderanse por bens inventariables aqueles bens mobles de carácter non funxible, cunha vida útil superior a un ano, susceptibles de ser inventariados pola entidade e destinados ao seu uso continuado na actividade deportiva.

Non será subvencionable aquel material que, pola súa natureza, non teña a consideración de ben inventariable, incluídos, entre outros, bens de consumo, de reposición frecuente ou de desgaste rápido.

4.2 Actuacións non subvencionables:

- a) Gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares, nin tampouco vehículos e teléfonos móbiles nin bens de alta gama que non xustifiquen expresamente a súa utilización preferente sobre outros dispoñibles no mercado.*
- b) Gastos referidos a vestiario e material téxtil, vaixelas, utensilios, mantelería e similar; tampouco será subvencionable o material destinado a actividades cun valor unitario inferior a cincocentos euros (500,00 €), IVE incluído.*
- c) Investimentos que poidan ser obxecto de financiamento por outras liñas de subvencións da Deputación de Pontevedra; por exemplo, os vehículos que poidan ser subvencionados na convocatoria de DepoVan.*
- d) Móviles, tabletas e outro material electrónico, salvo que quede debidamente xustificada a súa necesidade para executar a actividade subvencionada.*
- e) Traballos ou actuacións que se correspondan con meras reparacións, traballos de conservación ou gastos de mantemento. Os traballos de roza e limpeza de terreos que sexan parte necesaria dos traballos previos a unha obra só serán subvencionables cando non se trate da parte principal da actuación e estarán limitados, en todo caso, a un 25 % do total do orzamento.*
- f) Gastos sobre actuacións en novas infraestruturas, instalacións, equipamentos e espazos, ou sobre os xa existentes, cando non se dispoña da titularidade ou dun dereito de uso que as ampare, de conformidade co expresado nestas bases, ou cando non garden unha relación directa coa entidade solicitante.*
- g) Gastos que non respondan á natureza da actividade subvencionada de maneira indubidable e que non resulten estritamente necesarios.*
- h) Aquel material que, pola súa natureza, non teña a consideración de ben inventariable, incluídos, entre outros, bens de consumo, de reposición frecuente ou de desgaste rápido.*
- i) Os gastos de execución de obras en infraestruturas, instalacións, equipamentos e espazos fóra do territorio provincial.*



- k) *Actuacións, investimentos ou equipamentos vinculados á actividade cinexética, incluída a xestión de tecores, a organización de accións de caza ou modalidades que impliquen a captura ou morte de animais.*

En ningún caso o custo de adquisición ou execución dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. De non considerarse que os prezos son razoablemente de mercado, requiriráselles aos interesados que emenden ou aclaren a adaptación dos prezos ao mercado. Todas as unidades de obra ou elementos de gasto que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables. De persistir a falta de adaptación razoada aos prezos de mercado, a Deputación procederá a desestimación da solicitude presentada, logo da resolución motivada por parte do órgano competente acorde co indicado nos artigos 31.1 e 33 da LXS. Para acreditar os prezos medios de mercado aos que se refire o devandito artigo 33, poderán empregarse bases de prezos de aplicación contrastada e recoñecida solvencia, actualizadas, como poden ser a Base de datos da construción de Galicia ou bases de prezos das diferentes administracións e empresas públicas.

A entidade solicitante deberá xustificar adecuadamente que a actuación está amparada polos correspondentes permisos, autorizacións, declaracións responsables ou licenzas, que se corresponde con algunha das actuacións subvencionables e que se realiza integramente no territorio provincial, para o cal a Deputación solicitará cantos documentos e aclaracións considere pertinentes. De non considerarse suficientemente acreditado o cumprimento desta circunstancia, a institución provincial poderá desestimar a solicitude, logo da resolución motivada por parte do órgano competente.

Quinta. Financiamento:

A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao Orzamento provincial do exercicio de 2026, imputable á aplicación 2026/340.3420.789.01, para gastos de investimentos reais.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS). O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo dun millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €) adicionais e quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.



As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da LXS.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do investimento solicitado cos seguintes límites:

- *Execución de obras: un máximo de quince mil euros (15.000,00 €) e un mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €) por entidade beneficiaria.*
- *Adquisición de equipamentos: un máximo de cinco mil euros (5.000,00 €) e un mínimo de mil euros (1.000,00 €) por entidade beneficiaria.*
- *Se se trata de solicitudes que combinen actuacións subvencionables de ambas as tipoloxías, en todo caso o importe máximo subvencionable non poderá exceder os quince mil euros (15.000,00 €), respectando os límites máximos sinalados nos puntos anteriores.*

Unicamente se concederá unha axuda por entidade. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que non acaden un orzamento igual ao importe mínimo subvencionable.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Sexta. Criterios e contía das subvencións

6.1. As subvencións concederanse por orde de puntuación e asignarase o importe máximo que corresponda ata esgotar o crédito orzamentario.

Para a valoración das distintas solicitudes aplicaranse os seguintes criterios:

a. Execución de obras:

- *Investimentos en instalacións deportivas para competición e/ou adestramento: 10 puntos.*
- *Investimentos en instalacións deportivas auxiliares (bancadas e espazos para o público para o seguimento das competicións ou adestramentos, vestiarios, almacéns, zona de servizos e lavandería, sala de fisioterapia, ximnasio e outros de natureza similar): 5 puntos.*
- *Actuacións en instalacións auxiliares non deportivas (aparcadoiros e accesos, oficinas administrativas, cantinas, aseos para o público e outros de natureza similar): 3 puntos.*

No caso de investimentos mixtos (investimentos en dous ou tres dos tipos citados) asignarase a puntuación en función da media ponderada das puntuacións. Para iso, asignaráselles os puntos aos distintos importes que correspondan a cada tipo de investimento e calcularase a media ponderada das puntuacións coa aplicación da seguinte fórmula:

Puntuación media = suma dos importes de cada tipo x puntuación que corresponda/suma dos importes de cada tipo de investimento.



b. Adquisición de equipamento:

- *Adquisición de equipamento deportivo directamente relacionado coa práctica do deporte inventariable: 10 puntos.*
- *Adquisición doutro equipamento non deportivo inventariable, necesario para o funcionamento e desenvolvemento das actividades da entidade: 3 puntos.*

No caso de investimentos mixtos farase como no apartado anterior.

c. Execución de obras e adquisición de equipamento:

No caso de investimentos mixtos dos grupos a) e b) determinarase a media ponderada da puntuación coma nos casos anteriores.

No caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para conceder todas as subvencións ás solicitudes que acaden a mesma puntuación, a orde de prelación determinarase aplicando sucesivamente os seguintes criterios de desempate:

- 1.º. Terá preferencia a solicitude que destine un maior importe de investimento ás actuacións cualificadas como investimentos en instalacións deportivas para competición e/ou adestramento.*
- 2.º. De persistir o empate, terá preferencia a solicitude que destine un maior importe de investimento ás instalacións deportivas auxiliares.*
- 3.º. De persistir o empate, terá preferencia a solicitude cun maior investimento subvencionable total.*
- 4.º. Se o empate persistise, resolverase mediante sorteo, do que se redactará a acta correspondente.*

As subvencións para cada investimento poderán alcanzar ata o 100 % do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado ao orzamento na solicitude. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda.

Os investimentos subvencionables deben de constituír o ámbito material de competencias das entidades beneficiarias que, se o consideran oportuno, poderán asignar recursos orzamentarios propios á mesma finalidade.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable en materia de subvencións.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá estar referido, a máis tardar, con respecto á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A Deputación reserva a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento.



Sétima. Procedemento de concesión:

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefatura do Servizo de Deportes.

2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a) Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles. As emendas achegadas non poderán en ningún caso introducir unidades de obra novas, actuacións adicionais nin modificacións substanciais no proxecto, nin alterar ou substituír os orzamentos inicialmente presentados, salvo correccións de erros materiais ou aritméticos.*
- b) Unicamente serán admisibles as correccións de erros materiais ou aritméticos que non impliquen variación do contido esencial do proxecto, do alcance das actuacións nin dos importes valorados.*
- c) Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados para os efectos de avaliar, de xeito motivado, o cumprimento dos criterios establecidos nestas bases. No mesmo informe ou en informes técnicos adicionais, incluírase a relación detallada dos permisos, declaracións responsables ou autorizacións sectoriais para executar os investimentos e referirase os que son achegados xunto coa solicitude e aqueles que, por falta de achega, deberán ser remitidos e revisados no momento da xustificación. Así mesmo, incluírase a valoración xustificada e motivada dos criterios técnicos avaliábles para a concesión, salvo que non sexa necesaria por existir crédito suficiente.*
- d) Informe-proposta da xefatura do Servizo de Deportes, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, se explicará o sistema de valoración seguido, se relacionarán as solicitudes por orde decrecente de puntuación e se sinalará a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderáselles asignar unha subvención de ata o 100 % do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuada a repartición, de existir importe sobrante que non cubra todo o importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención; se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, e motivaranse as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por esgotarse o crédito establecerase unha prelación e estas pasarán a constituír a lista de agarda.*



En caso de empate na puntuación final entre dúas ou máis solicitudes, a orde de prelación establecerase de acordo coa data e hora de presentación da solicitude, de cuxa formalización se redactará unha acta que se incorporará ao expediente.

No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supoña un importe para subvencionar total que non exceda a cantidade máxima consignada para este programa, non será necesario valorar as solicitudes; será unicamente procedente verificar que se cumpren os requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases.

- e) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.*
- f) Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. Esta comisión estará formada polos seguintes membros ou as persoas que se designen como suplentes:*

Presidencia:

- A deputada ou deputado delegado da área de Deportes*

Vogalía:

- A directora ou o director da área de Deportes.*
- A xefa ou o xefe do Servizo de Deportes.*
- Unha ou un técnico do Servizo de Deportes.*
- Unha ou un técnico do Servizo de Arquitectura.*
- Unha ou un técnico (enxeñeiro ou arquitecto) do Servizo de Cooperación cos Municipios.*
- Unha ou un técnico da Intervención provincial.*

Secretaría:

- Unha ou un técnico do Servizo de Deportes, funcionario con titulación superior.*

- g) Con carácter previo á proposta de resolución definitiva, o órgano instrutor poderá elevar unha proposta de resolución coa relación de solicitudes excluídas, na que se expoñerán os motivos da exclusión, para que o órgano competente resolva e se lles notifique aos interesados para que poidan alegar e achegar os documentos ou outros elementos de xuízo que consideren nun prazo de dez (10) días hábiles e que se terán en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.*
- h) Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación. De producirse algún cambio con respecto á resolución provisional, este deberá ser informado pola Intervención provincial.*



i) Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os seis (6) meses, e este computarase a partir do día seguinte ao de rematar o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar os potenciais beneficiarios lexitímaos para entender como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada esta, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias, salvo que a rexeiten expresamente no prazo máximo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

4. As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa quedarán en lista de agarda e poderán obter financiamento segundo o disposto na base quinta.

Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes:

8.1 Forma de presentación das solicitudes:

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas. Poderá optar por unha única tipoloxía de actuación na súa solicitude ou ben combinar actuacións de ambos os tipos: execución de obras ou adquisición de equipamentos.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

As solicitudes deberán estar debidamente cubertas, coa especificación da súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, e conter todos os datos do club deportivo solicitante, que serán os que empregue o servizo instrutor en todo o procedemento para os efectos de comunicación e notificación.



As ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante o acordo do órgano competente da entidade solicitante, nunha data posterior á publicación destas bases, onde se indiquen expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, e este acordo referenciarase na correspondente certificación (anexo I) que se debe achegar xunto coa solicitude.

8.2 Prazo de presentación das solicitudes:

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa comezará o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e finalizará o 30 de setembro de 2026.

Novena. Comprobación de datos:

Para a tramitación dos procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa TXSS e coa Deputación de Pontevedra.*
- *Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.*
- *Certificación do Catastro sobre a titularidade dos inmobles asociados ás entidades solicitantes.*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán marcar o cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación:

As entidades solicitantes deberán achegar xunto coa solicitude a documentación sinalada:

- *Certificación expedida e asinada pola persoa que exerza o posto de secretaria ou secretario da entidade solicitante, no que se faga constar o seguinte (anexo I):*
 - *O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación para a que se solicita a subvención. A data deste acordo ten que ser posterior á publicación das bases reguladoras.*
 - *Que se cumpren os requisitos e as obrigas que se sinalan nestas bases reguladoras.*



- *Que todos os prezos unitarios que constan no orzamento se corresponden con prezos de mercado.*
 - *Que as persoas que se relacionan neste como presidenta/e, secretaria/o e representante da entidade solicitante actúan en calidade dos cargos que exercen con indicación do órgano que os nomeou e a data do acordo, así como que na actualidade seguen vixentes no cargo.*
 - *Que o número de conta bancaria indicado para o ingreso da subvención é de titularidade da entidade solicitante.*
- *Certificado de conta bancaria da entidade solicitante, agás se foi achegado con anterioridade. O certificado deberá estar actualizado e ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses, contados desde a data límite de presentación de solicitudes.*
 - *Documentación acreditativa por parte das entidades beneficiarias de estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia antes de rematar o prazo de solicitude. O certificado deberá estar actualizado e ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses, contados desde a data límite de presentación de solicitudes.*

10.1. Documentación específica para actuacións de execución de obra

No caso de que a actuación para a que se solicita a subvención consista na execución de obras, deberá presentarse, ademais da documentación común indicada no apartado anterior, a seguinte documentación específica:

- *Documentación acreditativa da titularidade, cesión, uso, concesión ou documento acreditativo similar.*
- *Detalle das autorizacións, licenzas, declaracións responsables e/ou permisos preceptivos para realizar a actuación subvencionable e documentación acreditativa de solicitalos ou, no seu caso, compromiso de que os solicitou. En todo caso, a súa obtención deberá acreditarse, a máis tardar, no momento da xustificación. Deberase especificar claramente que autorizacións, licenzas, declaracións responsables e/ou permisos serán necesarios para levar a cabo a actuación. Do mesmo xeito, de non precisar ningunha autorización, licenza, declaración responsable e/ou permiso, cómpre facelo constar expresamente.*
- *No seu caso, documentación acreditativa de que as instalacións sobre as que se van realizar as actuacións subvencionables están inscritas no Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes. O documento deberá estar actualizado e ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses, contados desde a data límite de presentación de solicitudes.*



- *Unha memoria valorada ou proxecto técnico, nos casos que resulte esixible pola normativa de aplicación, asinada electronicamente polo persoal técnico competente, onde se recolla:*
 - *Unha memoria explicativa na que se describa o obxecto das actuacións subvencionables. No caso de obras, estarán definidas en planos e esquemas, de forma que sexa posible a súa comprobación e cálculo, permitindo o seu trazado de planta e a análise da súa realidade xeométrica. A memoria recollerá os antecedentes e a situación previa á intervención, de ser o caso, para a que se solicita a subvención, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en conta.*
 - *A definición dos traballos que se van realizar ou elementos obxecto de subvención de forma que queden perfectamente definidos, así como os detalles que delimiten a ocupación de terreos.*
 - *Planos, esquemas, fotografías ou imaxes que evidencien a situación inicial da infraestrutura sobre a que se vai intervir antes da execución das actuacións subvencionables, ou das actuacións que se desenvolverán coas subministracións, de forma que se identifiquen as necesidades, e, no seu caso, as datas en que se tomaron as fotografías, os lugares e as infraestruturas sobre as que se vai intervir e o seu estado, que deberá corresponderse co estado previo á execución das actuacións subvencionables. Non serán subvencionables aquelas actuacións nas que non exista suficiente definición ou evidencias gráficas ou os servizos técnicos provinciais non poidan comprobar con certeza a realización das actuacións subvencionables.*
Estes planos, imaxes, esquemas ou fotografías de conxunto e de detalle deberán ser os necesarios para que o obxecto subvencionable quede perfectamente definido e poida ser, así, correctamente avaliada a solicitude nas fases de concesión e xustificación.
 - *Un orzamento desagregado en unidades, no que se definan con claridade os distintos elementos presentes en cada unha, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada unidade e o número de unidades, co IVE desagregado que sexa de aplicación e de acordo cos prezos unitarios de mercado actualizados.*
En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.
A man de obra que non sexa definida como parte dunha unidade de obra deberá ser indicada obrigatoriamente, mediante o número de horas de traballo orzamentadas e o seu prezo unitario ou mediante outra expresión que lles permita aos servizos técnicos provinciais identificar sen xénero de dúbida a cantidade de man de obra imputada a cada unidade. En caso de formar parte dunha unidade de obra, esta debe ser explicitada de forma que permita coñecer a cantidade desta imputada en cada unha. O persoal técnico provincial poderá solicitar calquera tipo de aclaración para poder comprobar a razoabilidade e adecuación aos prezos de mercado dos traballos incluídos na proposta obxecto de subvención, e non será aceptable que unha partida alzada sexa considerada como unha



unidade; por tanto, non se aceptará establecer un prezo global fixo por un conxunto de traballos nin pola totalidade do obxecto do investimento.

Os gastos xerais e o beneficio industrial poderán aplicarse, no caso das obras, coma unha porcentaxe da execución material (13 % e 6 % respectivamente) ou xa repercutidos en cada unidade. A entidade solicitante deberá indicalo de forma que non exista dúbida do método utilizado.

- *Cando o importe do gasto subvencionable supere o importe de corenta mil euros (40.000,00 €), o club interesado deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto fose realizado antes da subvención.*
- *A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.*

10.2. Documentación específica para actuacións de adquisición de equipamentos:

En caso de que a actuación para a que se solicita a subvención consista na adquisición de equipamentos, deberá presentarse, ademais da documentación común indicada, a seguinte documentación específica:

- *Unha memoria valorada e detallada do equipamento que se pretende adquirir, asinada pola persoa técnica competente cando proceda, na que se indique:*
 - *A descrición do equipamento que se pretende adquirir.*
 - *A finalidade á que se destinará.*
 - *A necesidade da súa adquisición para desenvolver a actividade deportiva da entidade.*
 - *A adecuación e proporcionalidade do equipamento respecto da finalidade subvencionada.*
 - *O lugar no que se instalará, empregará ou custodiará o equipamento.*
- *Un orzamento desagregado en unidades, no que se definan con claridade cada un dos equipamentos e as súas características, con expresión dos prezos de cada unidade e o número de unidades, co IVE desagregado que sexa de aplicación e de acordo cos prezos unitarios de mercado actualizados.*

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.



10.3. Regras sobre emenda, comprobación e efectos da documentación presentada:

A memoria valorada ou o proxecto técnico constitúe documentación esencial e imprescindible para a avaliación das solicitudes. A súa falta total de presentación non será susceptible de emenda, de acordo co disposto no artigo 23.5 da LXS.

Considerarase que non existe memoria cando non se presente ningún documento que desenvolva todos ou unha parte substancial dos apartados esixidos nesta base. Para estes efectos, a achega exclusiva dun orzamento, factura pro forma ou documento equivalente non terá a consideración de presentación parcial da memoria, senón de falta total desta.

A emenda de documentos que teñan incidencia na valoración só poderá empregarse para:

- Acreditar que a entidade cumpre os requisitos mínimos para ser admitida.*
- Completar elementos formais indispensables.*
- Permitir a análise técnica da documentación indispensable.*

A comprobación do contido das memorias, proxectos e orzamentos corresponderalles aos servizos técnicos provinciais, que poderán solicitar cantas aclaracións resulten necesarias para verificar a adecuación, razoabilidade e correspondencia dos prezos cos valores de mercado.

No caso de que algún dos documentos que deban achegarse electronicamente supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos ou documentos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, sen prexuízo doutras responsabilidades que poidan corresponder.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) non serán obxecto de manipulación ou emendas.

Décimo primeira. Notificacións:

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O



certificado electrónico das entidades solicitantes deberá estar en vigor para a correcta notificación das resolucións e dos actos administrativos así como o do representante no caso que se designe un para a tramitación do expediente.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e directamente desde <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas:

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, entenderase que desiste da súa solicitude, logo da resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a



normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:
<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Décimo terceira. Prazo de execución e xustificación das actuacións

As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 30 de xuño de 2027 e xustificadas, como máximo, o 31 de xullo de 2027. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden na lista de agarda e que se concedan posteriormente, e non será posible conceder novas subvencións para as solicitudes na mencionada lista máis alá do 31 de decembro de 2026.

Os prazos de execución e xustificación só poderán ser prorrogados por un máximo de seis (6) meses, logo da solicitude debidamente motivada da entidade beneficiaria naqueles casos en que se acredite o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- A demora na obtención dos permisos, licenzas, autorizacións ou declaracións responsables necesarios para executar a actividade subvencionada cando sexa por causas alleas e non imputables á entidade beneficiaria.
Para estes efectos, a entidade deberá acreditar que actuou coa debida dilixencia, sen incorrer en atrasos pola súa parte, mediante a xustificación de que presentou as solicitudes correspondentes sen dilación indebida, e achegou en prazo a documentación requirida polos distintos organismos.
Non se considerarán causas xustificativas as demoras derivadas de actuacións tardías, incompletas ou negligentes da propia entidade solicitante.*
- A aparición de circunstancias sobrevidas ou imprevisibles non imputables á entidade beneficiaria e que dificulten a execución no prazo previsto inicialmente.*

Para estes efectos, a prórroga será acordada individualmente para cada entidade e deberá aprobala o órgano competente da Deputación antes do vencemento do prazo inicial.

En atención ao anterior, a solicitude de prórroga deberá formalizarse antes do 31 de maio de 2027. En caso de non estar aprobada a prórroga na data de vencemento dos prazos de execución e xustificación, considerarase denegada.



A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias:

As entidades beneficiarias, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en particular ao seguinte:

- Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.*
- Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.*
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. Para estes efectos, en relación co control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, dispoñible na seguinte ligazón: <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/12/30/2016045874>.*
- Destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un mínimo de cinco anos.*
- Cumprir a normativa de subvencións e a demais normativa que sexa de aplicación.*

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de conformidade co Manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.*
- Acreditar a publicidade, coa indicación das accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.*
- Colocar nun lugar visible un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial, o importe subvencionado e o logotipo da Deputación.*
- Colocar nun lugar visible o adhesivo co logo da Deputación de Pontevedra, que facilitará a institución co fin de acreditar a publicidade dada á obra subvencionada.*
- Facerse cargo fisicamente dos carteis que se realicen e da súa retirada tras finalizar o prazo de garantía ou, en todo caso, un ano despois da comprobación material realizada pola Deputación.*



Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Décimo quinta. Xustificación da subvención:

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base décimo terceira.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base e, en todo caso, coa seguinte documentación:

- *Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente pola ou polo presidente da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta. A presentación das fotografías farase de forma que se identifiquen os lugares e o momento da execución á que correspondan (antes, durante e despois).*
- *Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificados deberán coincidir exactamente cos conceptos incluídos no orzamento inicial, permitíndose unicamente a súa adaptación nos termos especificados na base décimo sétima. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.*
- *Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.*
- *Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel publicitario, dos adhesivos, dossier de noticias de prensa ou outras accións de publicidade en redes, páxinas web etc.*
- *Declaración de que non se percibiron outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional ou, en caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.*



- *Acreditación da obtención das autorizacións, permisos, declaracións responsables e licenzas pertinentes, no caso de que non se achegasen con anterioridade. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerarase unha causa de perda da subvención.*
- *Acreditación de estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa AEAT, coa TXSS, coa ATRIGA e coa Deputación de Pontevedra (só no caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas no cadro habilitado na solicitude de inicio).*
- *Para os casos nos que se condicionase a concesión á súa acreditación posterior, documentación acreditativa da prórroga da titularidade ou da cesión do dereito de uso ata completar a duración mínima de cinco anos sobre os terreos ou inmoables en que se vai desenvolver a actuación. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerarase unha causa de perda da subvención.*

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a pagar os gastos do proxecto subvencionado unha vez executados e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.

Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous (2) meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. No caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante, ou facelo de forma incompleta, requiriráselle que se presente de forma correcta no prazo de quince días.

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor, así como nas actuacións de control financeiro; en caso de incumprimento, constituirá unha causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.

A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas segundo o indicado na base décimo cuarta sobre obrigas dos beneficiarios e nesta mesma base. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



A Deputación poderalles requirir ás entidades beneficiarias que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Deportes e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, reserva as facultades de inspección e comprobación das obras en calquera momento. A este fin, as entidades beneficiarias, a requirimento da institución provincial, estarán obrigadas a comunicar as datas de inicio e fin das actuacións subvencionadas.

Décimo sexta. Pagamento:

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase logo da comprobación por parte dos servizos de Deportes e Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriron a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará unha resolución, na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda, sen prexuízo do cumprimento da obriga de achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

O pagamento efectuarase ao número de conta bancaria a nome do beneficiario que se indique, a máis tardar, no momento da xustificación final. Non se farán pagos a contas nas que non figure como titular a entidade beneficiaria, para o cal a Deputación poderá solicitar que se acredite mediante certificado bancario a titularidade da conta.



Décimo sétima. Modificación da resolución de concesión:

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.I da LXS, logo da solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar antes de finalizar o prazo de execución inicialmente concedido.*
- Non terán a consideración de modificación da resolución de concesión, e polo tanto non serán admitidas, aquelas solicitudes que supoñan un cambio da finalidade ou do obxecto do proxecto ou actividade subvencionada, mesmo cando se manteña o importe concedido. Só se poderán autorizar modificacións da resolución cando respondan a circunstancias sobrevidas, posteriores á presentación da solicitude e non coñecidas nin previsibles pola entidade beneficiaria, que dificulten ou imposibiliten a execución material do proxecto nas condicións inicialmente aprobadas.*

Terán esta consideración, entre outras:

- A denegación de permisos, licenzas ou autorizacións que sexan imprescindibles para a execución do proxecto.*
- A imposición de condicionantes ou modificacións substanciais derivadas de informes técnicos, autorizacións sectoriais ou licenzas administrativas.*
- Calquera alteración externa, allea á vontade da entidade, que faga imposible ou non viable a execución do proxecto nos termos aprobados.*
- O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario; en todo caso, deberán cumprirse os requisitos recollidos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS.*
- A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión nin se prexudiquen dereitos de terceiras persoas, e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.*
- No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase por aplicación da porcentaxe de financiamento respecto do custo real do proxecto executado e xustificado.*

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.



Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións:

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada, agás para o caso doutras axudas outorgadas pola Deputación para a mesma finalidade.

Para estes efectos e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Décimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro:

Procederase ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- O incumprimento da normativa de subvencións.*
- O incumprimento das condicións e obrigas asumidas no outorgamento da subvención.*
- O incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto ou memoria do investimento.*
- A falta de disposición da titularidade, cesión de uso ou autorizacións, respecto dos terreos, inmobles ou instalacións necesarios para executar a actividade subvencionada, nos termos previstos nestas bases.*
- A realización das actuacións subvencionables sen dispoñer das autorizacións, licenzas, permisos e declaracións responsables preceptivas ou con incumprimento dos condicionantes.*
- A falta de presentación no tempo e na forma da documentación xustificativa ou a súa presentación incompleta.*
- A falta de pagamento das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.*
- A falta de presentación nos prazos establecidos do xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.*



CAPÍTULO IV. FINAIS:***Vixésimo. Publicidade da convocatoria:***

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos:

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e no consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo segunda. Aprobación das bases:

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2026 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación."

36.37461.- APROBACIÓN DE ACORDO PARA A ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS E NOVAS ADXUDICACIÓNS DO PROGRAMA + CONVIVENCIA 2026. (Expte.2025079075)

- **ANTECEDENTES:**

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2026, aprobou as Bases reguladoras do programa "+ CONVIVENCIA" para o ano 2026 publicadas no BOPPO nº 28, de 11 de febreiro de 2026. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 12 de febreiro ao 11 de marzo de 2026.



Segundo.- En Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 abril de 2026, acordo número 7.36988, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con concesión de subvención e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “+ CONVIVENCIA”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 250, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 124.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 84 e na páxina web, o 6 de maio de 2026. Os Anexos das entidades adxudicatarias e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: LV2RKOJWR64IVFOJ e AVYHTDDSSFXTTYI, respectivamente.

Terceiro.- Con data 22 de xuño de 2026, a Xefa do Servizo de Benestar Social emitiu informe-proposta para a fiscalización da aceptación de tres renuncias presentadas por entidades inicialmente adxudicatarias do programa, así como para a correspondente adxudicación das subvencións ás tres primeiras entidades da lista de agarda.

As renuncias presentadas foron as seguintes:

- Con data 9 de xuño de 2026 (registro WEB nº 2026012435), a Asociación de Veciños Minas da Brea, con CIF G36502839 (expediente 2026007418), presentou renuncia por imposibilidade de realizar a actividade subvencionada.
- Con data 9 de xuño de 2026 (registro WEB nº 2026049252), a Coral San Telmo de Tui, con CIF G94132487 (expediente 2026014693), presentou a súa renuncia por circunstancias sobrevidas que determinaron a suspensión da actividade prevista.
- Con data 17 de xuño de 2026 (registro WEB nº 2026051124), a Asociación Mulleres Rurais Santa Lucía de Arco, con CIF G36547479 (expediente 2026010808), presentou a súa renuncia ao programa por non contar cun número suficiente de persoas.

Cuarto.- Con data 10 de xullo de 2026, a Xefa do Servizo de Benestar Social emitiu un novo informe-proposta para a fiscalización da aceptación dunha cuarta renuncia e da correspondente adxudicación da subvención á seguinte entidade da lista de agarda.

Neste sentido, con data 7 de xullo de 2026 (registro WEB nº 2026056390), a Asociación Amas de Casa Muiños do Vento, con CIF G36461648 (expediente 2026010260), presentou instancia xenérica comunicando a súa renuncia á subvención concedida, por motivos sobrevidos que lle impiden desenvolver a actividade.



Quinto.- A aceptación das catro renuncias anteriormente relacionadas supón a dispoñibilidade de crédito suficiente para proceder á adxudicación de catro novas subvencións ás primeiras entidades incluídas na lista de agarda, segundo consta no documento con CSV BWXJ1J6RULL62UST.

As entidades beneficiarias son as seguintes:

- Asociación de Veciños Pouso-Carril (CIF G94183563).
- Asociación Cultural San Nicolás de Prado (CIF G36034452).
- Asociación de Veciños O Campo-Marín (CIF G36163186).
- Asociación Amigos de la Música de Salceda de Caselas (CIF G36123313).

Sexto.- Con data 17 de xullo de 2026, a Intervención emitiu dilixencia de fiscalización e conformidade (CSV 7AI3R5VEIA17EAGI) respecto da proposta de aceptación das catro renuncias, da adxudicación das subvencións ás catro primeiras entidades da lista de agarda e da actualización da relación de entidades beneficiarias e da correspondente lista de agarda.

- **NORMATIVA APLICABLE:**
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
 - Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
 - Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
 - Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2026.
 - Bases do programa + CONVIVENCIA 2026.

Á vista dos antecedentes expostos e dos informes que constan no expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar as renuncias á subvención concedida, presentadas polas seguintes entidades:

- Asociación de Veciños Minas da Brea (CIF G36502839).
- Coral San Telmo de Tui (CIF G94132487).
- Asociación Mulleres Rurais Santa Lucía de Arco (CIF G36547479).
- Asociación Amas de Casa Muiños do Vento (CIF G36461648).

Segundo.- Adxudicar as subvencións liberadas, de conformidade coa orde de prelación da lista de agarda, ás seguintes entidades:

- Asociación de Veciños Pouso-Carril (CIF G94183563).
- Asociación Cultural San Nicolás de Prado (CIF G36034452).
- Asociación de Veciños O Campo-Marín (CIF G36163186).
- Asociación Amigos de la Música de Salceda de Caselas (CIF G36123313).



Terceiro.- Aprobar a actualización da relación de entidades beneficiarias con concesión de subvención, segundo consta no documento con CSV: BCY49EIPFOILYOTV.

Cuarto.- Aprobar a actualización da lista de agarda, segundo consta no documento con CSV: BWXJ1J6RULL62UST.

Quinto.- Notificar o presente acordo ás entidades interesadas.

37.37462.- RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO NO ACORDO NÚMERO 22.37417 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 17 DE XULLO DE 2026, RELATIVO Á VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 8 DO “CONTRATO DERIVADO LOTE 3-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2025043467)

Resultando que advertido un erro aritmético no acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xullo de 2026, polo que se aproba a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 8 (FINAL) da obra do “*Contrato derivado LOTE 3-2025 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, polo importe bruto de 241.945,86 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro		CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886)			
Aplicación orzamentaria		2026/456.4530.61201.2025			
Certificación núm.	Importe bruto	Descontos		Total descontos	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR
		Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	Control de calidade (3% PEM licit.)		
8 (FINAL)	241.945,86 €	6.721,19 €	5.820,89 €	12.542,08€	229.403,78 €

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á



Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Rectificar o citado acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xullo de 2026 no seguinte senso:

Onde di:

Terceiro	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886)
----------	---

Debe dicir:

Terceiro	CONSTRUCCIONES FECHI, SL (NIF B36258861)
----------	--

Segundo.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

38.37463.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “ADECUACIÓN E POSTA EN VALOR DA RÚA HORTAS REAIS. CONCELLO DE BAIONA. (Expte. 2026004327)

Resultando.- Que ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Resultando.- Que neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, tras realizar os estudos preliminares precisos, solicita para á Área Funcional do Val Miñor, a senda financeira establecida na Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación Integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027. Dita solicitude está baseada no Plan de actuación integrado denominado PAI Val Miñor 15 Minutos e obtivo a asignación de senda financeira mediante a resolución do 16 de xaneiro de 2026 da dirección xeral de Fondos Europeos.

Resultando.- Que entre as actuacións previstas no plan de actuación e que contribúen ao desenvolvemento urbano sostible propónse no punto 5.3 do programa de implementación a “Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais no núcleo urbano de Baiona”.



Resultando.- Que estas actuacións están recollidas no proxecto técnico, aprobado polo Concello de Baiona e redactado polo arquitecto D. Angel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación de 346.697,52 euros, IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MWMZZGV3A6OBDEQG.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión de data 27/03/2026 acordou aprobar o convenio de colaboración co Concello de Baiona necesario para a execución do PAI Val Miñor 15 Minutos.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos públicos, Fondos Europeos e Estación Flitopatolóxica de Areeiro, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona".

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/942.9429.652.09, dentro do proxecto de gasto código nº 2610001, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12026000101616, por importe de 346.697,52€.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: XGJGJEXXGBNB0VLF, no que se recolle o seguinte: *"...tendo en conta o recollido no convenio de colaboración co Concello de Baiona para levar a cabo as actuacións do PAI Val Miñor, obsérvase que o devandito importe excede do gasto previsto para a actuación 5.3 Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais non núcleo urbano de Baiona na que están incluídas as obras proxectadas. Existe ao respecto informe emitido polo Servizo de Cooperación (CSV: S55VO82UCYPSFLVY) no que se declara que "as cifras orzamentarias recollidas nos anexos do Convenio constitúen estimacións técnicas preliminares de carácter provisorio, elaboradas como instrumento de programación financeira plurianual para orientar a planificación do investimento. A súa función é a de folia de ruta orzamentaria na fase de programación do Plan, e non a de dotación de gasto pechada e vinculante para cada operación individual. O único límite real da execución é a senda financeira global asignada ao Concello de Baiona no marco do PAI, xunto co respecto aos límites anualizados e aos procedementos de modificación establecida pola normativa aplicable"[...]. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente..."*



Considerando.- Consta no expediente con CSV: 2BVF16NJNYLSTC88, informe favorable de supervisión do proxecto, emitido polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Cooperación D. Alejandro Marín Gómez-Nieves.

Considerando.- Que se ben o proxecto sinala a necesidade de contar coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, consta no expediente informe urbanístico do arquitecto técnico municipal (CSV: 94YLN30BUFQ3WZNI) no que se recolle que o proxecto non presenta afeccións sectoriais. Así mesmo, no informe de supervisión mencionado anteriormente sinálase que, en atención ao exposto no informe do técnico municipal do Concello de Baiona, determínase que o proxecto non presenta afeccións sectoriais.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. Baiona", redactado polo arquitecto *D. Angel Jaime Santorio Cuartero*, cun orzamento base de licitación de 346.697,52 euros IVE, engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MWMZZGV3A6OBDEQG.



39.37464.- COMUNICACIÓNS: non houbo.

40.37465.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo.

41.37466.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

~~~o0o~~~

